**CONCELLO DE VIGO**
Expte.2002 /1102

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 26 de decembro de 2025

**ASISTENTES:**

**Membros :**
D. Abel Caballero Álvarez
Dª Mª Carmen Silva Rego
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
Dª Mª José Caride Estévez
Dª. Ana M.ª Mejías Sacaluga
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Yolanda Aguiar Castro
D. Angel Rivas González

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e seis decembro de dous mil vinte e cinco e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Rodríguez Calviño, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Goberno Local, Sra. Gallardo Fariña.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(971).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 19 de decembro de 2025. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(972).- PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS SANITARIO ASISTENCIAL DE CEDRO. EXPTE. 3007/315.**
Visto o informe xurídico de data 05/12/2025 e o informe de fiscalización do 17/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta de data 20/11/2025, asinado polo xefe de CEDRO, o xefe da Área de Benestar Social, o asesor xurídico adxunto a Benestar Social e conformado pola concelleira de Área e polo concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 1 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

## I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local (XGL) acordou, na súa sesión ordinaria do 17.01.2015, adxudicar á “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.” (A-79022299) o procedemento aberto para a contratación do servizo sanitario asistencial de CEDRO cun prezo total de 941.541,70 €.

I.2. O correspondente documento contractual foi asinado entre as partes o 11.02.2025, prestando o contratista a súa aceptación expresa ós Pregos de prescricións técnicas (PPT) e cláusulas administrativas (PCAP) que rexeron o procedemento.

I.3. Tanto no contrato (cláusula 4) como no PCAP (cláusula 7 e Apdo. 4.c] FEC) prevese a posibilidade de prorrogar, mediante acordo expreso da XGL, o seu prazo de execución inicial, que era de un (1) ano, contado a partir do 01.03.2025, mediante unha (1) prórroga dun (1) ano de duración.

A prórroga será obrigatoria para o adxudicatario sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (cláusula 7.3 PCAP) sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

I.4. Tramítase o expediente administrativo co nº 3007/315 e consta nel a seguinte documentación:

– Resolución da Concelleira delegada da Área de Política Social e Participación Cidadá do 19.11.2025, ordeando a incoación de expediente administrativo para a autorización expresa da prórroga do contrato (trámite n.º 218).

– Comunicación ó contratista da información relativa á eventual sucesión subxectiva ou subrogación da Administración autonómica (Consellería de Sanidade – SERGAS), no contrato formalizado entre esta Corporación e “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.”. (trámites núms. 213-214).

– Documento asinado o 07.11.2025 pola representante legal de “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.” de aceptación desa eventual sucesión subxectiva ou subrogación contractual da Administración autonómica, nas condicións indicadas (trámite n.º 215).

– Comunicación ó contratista de preaviso da prórroga, remitida en data 20.11.2025, dándolle tamén traslado da Resolución de inicio do procedemento para a autorización expresa da prórroga do contrato (trámites núms. 219 – 220).

– Contrato formalizado entre o Concello de Vigo e a entidade “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A” e Pregos de contratación (PPT e PCAP), que constan no mesmo documento contractual (trámite n.º 191).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

II. NORMATIVA RELACIONADA

- CE/1978 (Constitución española, 29 decembro 1978).
- EAG (Estatuto de Autonomia de Galicia; LO.1/1981, do 6 de abril).
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Admón. local.
- L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local.
- L.19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia).
- ROF (RD.2586/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- LPACAP (L.39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Admóns. Públicas).
- LRXSP (L.40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do Sector público).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- TRRL (RDLex. 781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LCSP (L.9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público).
- RXC (RD.1098/2001, do 12 de outubro, Regulamento xeral da Lei de contratos das Admóns. Públicas), no que non se opoña á LCSP.
- RD.817/2009, do 8 de maio, Regulamento de desenvolvemento parcial da LCSP.
- TRLRFL (RDLex.2/2004, do 5 de marzo, Texto refundido da Lei reguladora das Facendas locais).
- Bases de execución do Orzamento xeral – Concello de Vigo.

III. INFORME

Emítese este informe de acordo co disposto no Art. 175 do ROF, segundo o que os informes para resolver os expedientes redactaranse en forma de proposta de resolución e conterán unha enumeración clara e sucinta dos feitos, as disposicións legais aplicables e alegación razonada da doutrina e os pronunciamentos que debe conter a parte dispositiva.

III.1. COMPETENCIAS MUNICIPAIS EN MATERIA DE SERVIZOS SOCIAIS: XUSTIFICACIÓN.

III.1.1. De acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: *«avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social»;* servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 3 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

III.1.2. A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social»* residénciase na Admón. autonómica.

III.1.3. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que *"non se entenderá como exercicio de novas competencias"*, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: *«continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»;* e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: *«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela»* (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

III.1.4. Por último, reseñar que a Sentencia do Tribunal Constitucional do 03.03.2016, ditada no recurso de inconstitucionalidade formulado pola Asemblea de Extremadura contra a LRSAL, declarou inconstitucionais e nulos, entre outros, o Art. 57 bis da LRBRL na redacción dada polo Art. 1.17 da LRSAL (cláusula de garantia sobre compensación financeira ás EELL nos convenios que subscriban coas CCAA / *garantía de pagamento no exercicio de competencias delegadas*), a disposición adicional 11ª e as transitorias 1ª, 2ª e 3ª da LRSAL, referidas á asunción polas CCAA das competencias relativas a saúde, servizos sociais e inspección sanitaria, respectivamente, o que supón unha volta á situación anterior á LRSAL e a habilitación ás CCAA para atribuir tales competencias como propias ás CCLL. En definitiva, de acordo coa STC comentada, os municipios terán as competencias que lles atribuísen ou lles atribúan no futuro as leis do Estado e das CCAA, incluídas as relativas a educación, sanidade e servizos sociais.

III.2. PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO SANITARIO ASISTENCIAL A PERSOAS CON PROBLEMAS DERIVADOS DO CONSUMO DE DROGAS: XUSTIFICACIÓN.

III.2.1. Preceptúa o Art. 29.1 da LCSP que a duración dos contratos do sector público deberá establecerse tendo en conta a natureza das prestacións, as características do seu financiamento e a necesidade de someter periodicamente a concorrencia a realización daquelas, sen prexuízo das normas especiales aplicables a determinados contratos.

III.2.2. Con carácter xeral, o prazo máximo de duración dos contratos de servizos é de cinco (5) anos, incluídas as posibles prórrogas. Con todo, poderá establecerse nos contratos de servizos relativos ós servizos ás persoas un prazo de duración maior cando fose necesario

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

para a continuidade daqueles tratamentos ás persoas usuarias nos que o cambio do prestador puidese repercutir negativamente (Art. 29.4 LCSP).

III.2.3. O contrato poderá prever, como é o caso, unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de duración destas, sen prexuízo das modificacións que poidan introducirse ó abeiro do establecido nos Arts. 203 a 207 da LCSP. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza, alomenos, con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato (a non ser que o Prego establecese un maior), sen que en ningún caso poida producirse a prórroga polo consentimento tácito das partes (Art. 29.2 LCSP).

III.2.4. O contrato formalizado con "EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A" é un contrato administrativo de servizos adxudicado mediante procedemento aberto e por un prazo inicial de un (1) ano desde o 01.03.2025. Como xa se indicou anteriormente, está expresamente prevista no propio contrato e no PCAP a posibilidade de ampliar a súa duración mediante unha (1) prórroga dun (1) ano de duración.

III.2.5. Tanto a Xefatura do Servizo de CEDRO (responsable das cuestións prácticas relativas á marcha do Servizo e da emisión das directrices ó/á coordinador/a do contratista) como a Xefatura de Área e a Concelleira de Política Social, consideran conveniente autorizar a prórroga por un (1) ano máis deste contrato, estimando correcta e satisfactoria ata o de agora a execución das prestacións pactadas co contratista e valorando tanto a imposibilidade de asumila con medios propios como a necesidade de garantir a continuidade dun servizo indispensable para a atención das persoas drogodependentes usuarias de CEDRO que, de cumprirse as previsións establecidas, pasará a ser prestado a partir do próximo ano pola Admón. autonómica.

III.2.6. A prórroga que aquí se propón realizaríase nas mesmas condicións inicialmente convidas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal subscrito o 11.02.2025, que non foi obxecto de modificación desde a súa adxudicación. Tampouco será necesario neste caso reaxustar a garantía prestada.

De producirse a subrogación ou sucesión subxectiva neste contrato por parte da Admón. autonómica (Consellería de Sanidade – SERGAS), esta levaríase e cabo respectando as mesmas condicións contractuais xa pactadas entre o Concello de Vigo e "EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A".

III.2.7. Sen prexuízo do anterior, o gasto representado por esta prórroga, que é de 941.541,70 € (784.618,08€ do 01.03.2026 ó 31.12.2026 + 156.923,62€ do 01.01.2027 ó 28.02.2027), de ser financiado con cargo ós orzamentos municipais, podería imputarse (agás indicación noutro sentido da Intervención xeral) á aplicación nº 3112.227.99.01 (*"XESTIÓN DE SERVIZOS ASISTENCIAIS DE CEDRO"*). Por tratarse dun gasto de carácter plurianual, a efectividade da contía prevista para o exercicio de 2027 estaría subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizaríase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

Loxicamente, estas previsións de financiamento municipal quedarían sen efecto (e anuladas as correspondentes reservas de crédito) no caso de que a Xunta de Galicia asuma o servizo sanitario e asistencial de CEDRO e o seu custe íntegro a partir do próximo exercicio de 2026.

III.2.8. Antes da súa aprobación polo órgano de contratación (XGL), deberán recabarse e achegarse ó expediente os preceptivos informes da Asesoría Xurídica municipal (Disp. Adic. 3ª, Apdo. 8 LCSP) e de fiscalización da Intervención xeral municipal, como resulta dos Arts. 214 do TRLRFL, 116.3 e DA 3ª Apdo. 3 e ccdtes. da LCSP, xustificando a existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte ó custo representado por esta prórroga.

III.2.9. A competencia para aprobar a prórroga do contrato correspóndelle á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación que é (Art. 127 LRBRL e D.A. 2ª LCSP), por proposta do responsable do contrato (Cláusula 1, Apdo. 3 PCAP).

IV. CONCLUSIÓNS

Considérase axustada a Dereito a proposta de prorrogar por un (1) ano máis o contrato celebrado o 11.02.2025 polo Concello de Vigo coa entidade “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A .”, toda vez que:

a) Tanto a posibilidade de prorrogar o contrato como o número máximo de prórrogas admisibles están expresamente previstas na LCSP, no propio contrato e no Prego de cláusulas administrativas particulares.
b) A concorrencia para a súa adxudicación foi realizada tendo en conta xa a duración máxima do contrato, incluída a prórroga.
c) As características do contrato de servizos formalizado para a execución do servizo sanitario asistencial de CEDRO permanecerán inalterables.
d) Constan, como fundamentación, as causas técnicas que xustifican esta prórroga.
e) Consta igualmente no expediente o preaviso realizado ó contratista con máis de dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.
f) Existiría crédito orzamentario para facer fronte ó gasto, a reserva do que sobre este extremo deba informar a Intervención xeral municipal.
g) A maiores consta por escrito a aceptación da actual contratista coa eventual sucesión subxectiva ou subrogación contractual da Administración autonómica neste contrato, nas mesmas condicións acordadas.

V. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o que antecede e a normativa aplicable, propónse á XGL do Concello de Vigo a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO.- Prorrogar de forma expresa por un periodo dun (1) ano, desde o 01.03.2026 e ata o 28.02.2027, o contrato de servizos sanitario asistencial de CEDRO, adxudicado pola Xunta de Goberno Local do 17.01.2025 á entidade “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A” (A-79022299), formalizado en documento administrativo o 11.02.2025, de conformidade co previsto na LCSP (L.9/2017), na cláusulas 4 do contrato e nas cláusulas 7 e Apdo. 4.c] das FEC do PCAP. O contrato prorrógase nas mesmas

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

condicións inicialmente convidas entre as partes, sen variación ningunha a respecto das prestacións estipuladas no contrato orixinal.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 941.541,70 € que representa esta segunda prórroga do contrato a favor de “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A”, que poderá imputarse á aplicación orzamentaria nº 3112.227.99.01, correspondendo 784.618,08 € ó exercicio de 2026 (do 01.03.2026 ó 31.12.2026) e 156.923,62€ ó exercicio de 2027 (do 01.01.2027 ó 28.02.2027). A efectividade da contía prevista para o exercicio de 2027 estará subordinada á existencia de crédito nos orzamentos dese ano (Art. 174 TRLRFL, Base nº 26). De non terse dotado o crédito ou de estar nunha situación de orzamentos prorrogados, a execución do gasto paralizaríase ata que quedase cuberta a insuficiencia orzamentaria.

TERCEIRO.- Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98).

CUARTO.- Dar traslado deste acordo á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia (SERGAS) para os efectos da prevista sucesión subxectiva ou subrogación da Administración autonómica no contrato formalizado entre esta Corporación e “EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A.”, que se produciría, de cumprirse as previsións, con efectos do 01.01.2026 e, en todo caso, respectando as mesmas condicións contractuais xa pactadas».

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(973).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN PRESENTADO CONTRA A ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 285498/301.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 19/12/2025, asinado pola xefa de Área de Contratación e Novos Proxectos, que di o seguinte:

DAR CONTA DA RESOLUCIÓN Nº 252/2025 DO TRIBUNAL ADMINISTRATIVO DE CONTRATACIÓN PÚBLICA DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA

1º Tomar razón da Resolución nº 252/2025 Do Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia (TACGAL), recaída no recurso nº 244/2025, interposto



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 7 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

interposto por SERVEO SOCIAL SL contra a adxudicación do contrato do servizo de axuda no fogar no Concello de Vigo, expediente 285.498-301. Na mesma o TACGAL desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

> *"1. Desestimar o recurso interposto por SERVEO SOCIAL SL contra a adxudicación na contratación do servizo de axuda no fogar do Concello de Vigo, expediente 285498-301.*
>
> *2. Levantar a suspensión automaticamente producida por efecto do artigo 53 LCSP .*
>
> *3. Declarar que non se aprecia temeridade ou mala fe na interposición do recurso, polo que non procede a imposición da multa prevista no artigo 58.2 LCSP".*

2º- Dar traslado á Área de Contratación e Novos Proxectos para a execución do acordado polo Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(974).- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO PARA ADQUISICIÓN DA OBRA "BARCA ESPACIAL" DO PINTOR JOSÉ OTERO ABELEDO "LAXEIRO".EXPTE. 7850/337.**

Visto o informe de fiscalización do 19/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e polo director do Museo, que di o seguinte:

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade do subministro para adquisición da obra "Barca espacial" do pintor José Otero Abeledo "Laxeiro" (PCAP)

**ANTECEDENTES**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 31 de outubro de 2025, adoptou o seguinte acordo:

*"1º.- Aprobar a contratación, a través de procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición da obra "Barca espacial" do pintor José Otero Abeledo Laxeiro.*

*2º.- Aprobar o Prego de prescripcións técnicas que rexerá a citada contratación, de data 16 de setembro de 2025, redactado polo director do museo municipal "Quiñones de León".*

*3º.- Aprobar o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a citada contratación, de data 16 de outubro de 2025, redactado pola xefa da Área de Contratación e Novos Proxectos.*

*4º.- Autorizar o gasto por importe total de 120.000 € (cento vinte mil euros), sendo o IVE (10%) a soportar pola administración 10.909,09 €, con cargo á aplicación presupostaria 3330.689.00.00 "adquisición de obra artística" do orzamento municipal vixente.*

*5º.- Acordar a apertura do procedemento de contratación conforme ao previsto na lexislación vixente".*

**Segundo.-** Con data do 5 de decembro de 2025 a Xunta de Goberno local adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Corrixir os seguintes erros materiais no expediente de contratación:*

*1.- O apartado 2 da Memoria económica deberá dicir que o contrato está exento de IVE.*

*2.- O apartado 3.B) das FEC do PCAP terá a seguinte redacción:*

*"B) IVE A SOPORTAR POLA ADMINISTRACIÓN: exento de IVE*

*3.- O apartado 3.C) das FEC do PCAP terá a seguinte redacción:*

*"C) VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 120.000 €"*

*4.- O punto 4 do acordo da Xunta de Goberno Local de 31 de outubro de 2025 de aprobación do expediente de contratación terá a seguinte redacción:*

*"4º.- Autorizar o gasto por importe total de 120.000 € (cento vinte mil euros), exento de IVE, con cargo á aplicación presupostaria 3330.689.00.00 "adquisición de obra artística" do orzamento municipal vixente".*

*Segundo.- Notificar este acordo aos interesados".*

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 9 de 80 |
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

**Terceiro.-** Mediante resolución de data 10 de novembro de 2025, a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal (acordo de delegación competencial do 7 de novembro de 2025), resolveu:

*"Rectificar o apartado 9 C) das Follas de Especificación do Contrato (FEC) do prego de cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) XXXXX para contratación por procedemento negociado sen publicidade, do subministro para adquisición da obra "Barca espacial" do pintor José Otero Abeledo Laxeiro, que terá a seguinte redacción .*

*"C) GARANTÍA DEFINITIVA: non se esixe"*

**Cuarto.-** O día 11 de decembro de 2025 o Servizo de Contratación cursou unha invitación para participar no citado procedemento a Dª. LUCÍA FRAGA LAGO, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles para a presentación da correspondente oferta.

**Quinto.-** Con data do 16 de decembro de 2025 Dª. LUCÍA FRAGA LAGO, presentou a súa oferta a través da plataforma de Contratos do Sector Público, dentro do prazo concedido para o efecto.

**Sexto.-** O día 17 de decembro de 2025, ás 12:50 horas, reuníronse o responsable do contrato - director do museo municipal de Vigo "Quiñones de León" xunto coa xefa do Servizo de Contratación, para a apertura e cualificación da proposición.

En primeiro lugar, cualificouse a documentación administrativa, comprobándose que esta é conforme co esixido na 18.2º.2.A) do PCAP, e acordándose admitir a Dª. LUCÍA FRAGA LAGO no procedemento.

A continuación, abriuse o SOBRE C.

Revisada a proposición, comprobouse que se axusta ás esixencias dos pregos.

Segundo o previsto no apartado 1.I do Anexo I -FEC- do PCAP, non procede a negociación porque *"o carácter persoalísimo e artístico do obxecto a subministrar impide que se poida negociar termo algún do contrato (artigo 170, 2 da LCSP), xa que todas as características e o prezo están fixados de antemán"*. Asemade, en aplicación do criterio recollido na cláusula 15.1a), a oferta non contén valores anormais ou desproporcionados (artigo 85 RXLCAP).

**Sétimo.-** Con data do 18 de decembro de 2025 a concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 7 de novembro de 2025), adoptou a seguinte resolución, a proposta da xefa do Servizo de Contratación e do responsable do contrato, en cumprimento do previsto na cláusula 17 do PCAP:

"Clasificar, de acordo co criterio de adxudicación sinalado no prego, a proposición admitida no procedemento negociado sen publicidade do subministro para adquisición da obra "Barca espacial" do pintor José Otero Abeledo "Laxeiro" (7.850-337) na seguinte orde decrecente:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

| Orde | Licitador |
|---|---|
| 1 | LUCÍA FRAGA LAGO” |

Dado que o licitador xa presentara a documentación xustificativa das circunstancias ás que se refiren as letras a e c do apartado 1 do artigo 140 da LCSP, non foi preciso requirila.

**Oitavo.-** Constan no expediente os certificados acreditativos de que a licitadora non ten débedas coa AEAT, a ATRIGA e a TXSS. Asemade, figura no expediente o certificado acreditativo de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias da Tesourería do Concello de Vigo.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada pola licitadora clasificado en primeiro e único lugar, Dª. LUCÍA FRAGA LAGO, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle ao xefe do servizo xestor ou o responsable do contrato xunto co xefe do Servizo de Contratación, ou o/s funcionario/s en quen deleguen (cláusula 20 do PCAP).

Con relación á motivación desta adxudicación remitímonos á acta de apertura dos sobres A e C asinada o 18 de decembro de 2025.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

*“Adxudicar a Dª. LUCÍA FRAGA LAGO o procedemento negociado sen publicidade do subministro para adquisición da obra "Barca espacial" do pintor José Otero Abeledo “Laxeiro” (7.850-337) por un prezo total de 120.000,00 euros (exento de IVE).*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(975).- PRÓRROGA DO CONTRATO DOS SERVIZOS DA XESTIÓN, ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA MUNICIPAL DE INMERSIÓN LINGÜÍSTICA MEDIANTE INTEGRACIÓN ESCOLAR NUN HIGH SCHOOL EN PERÍODO LECTIVO “VIGO EN INGLÉS 2024-2025”. EXPTE. 62810/332.**

Visto o informe de fiscalización de data 16/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 5/12/2025, asinado polo técnico medio de actividades Culturais e Educativas, o xefe do Servizo de Educación e conformado pola concelleira delegada de Educación, a concelleira da Área de Goberno, o concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda e pola titular de Asesoría Xurídica, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

**1.- Aprobación expediente de contratación:** A Xunta de Goberno Local, na sesión do 16 de febreiro de 2024, aprobou o expediente de contratación dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun *High School* en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (expediente 62810/332), por procedemento aberto, así como, o Prego de prescricións técnicas particulares (PPT) de 07/02/2024 e o Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) de data 08/02/2024 que rexen a licitación, aprobando tamén o gasto por importe de 5.999.550,00 euros e acordando a apertura do procedemento de licitación.

**2.- Adxudicación:** A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de 20 de maio de 2024 acordou adxudicar a NEW LINK EDUCATION S.L. (B-22.210.843) o procedemento aberto para a contratación dos servizos da xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun *high school* en período lectivo “Vigo en Inglés 2024-2025” (62810/332) por un prezo total de 5.999.550,00 euros, exento de IVE, co compromiso de achegar 8 monitores de reforzo a maiores dos esixidos como medios persoais (47) e das seguintes melloras: incremento de 10 horas de duración do curso específico de mellora e perfeccionamento de lingua inglesa, redución de 5 alumnos da ratio alumno/profesor máxima no citado curso específico e achega de 40 monitores con nivel de competencia lingüística C1 ou C2.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno de 27/10/2022 e a oferta presentada.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

**3.- Prazos:** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) referise aos prazos na cláusula 26:

*"1.- O adxudicatario estará obrigado ao cumprimento do prazo total fixado para a execución do contrato, así como dos prazos parciais que, no seu caso, se teñan establecido.*

*2.- (...). "*

O apartado 4 das Follas de Características do Contrato (FEC) do PCAP establece respecto ao prazo de execución :

A) PRAZO TOTAL: 2 anos.

B) PRAZOS PARCIAIS: non

C) PRÓRROGA DO CONTRATO E EN CASO AFIRMATIVO DURACIÓN: dúas prórrogas dun ano de duración cada unha.

**4.- Formalización do contrato:** O contrato foi formalizado en data 11 de xuño de 2024 entre o Concello de Vigo e a empresa adxudicataria, estabelecéndose na cláusula 4ª do mesmo que "O prazo do contrato será de 2 anos, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación. Contémplanse dúas prorrogas dun ano de duración cada unha.*"*

**5.- Preaviso da prórroga:** En consonancia co artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, a cláusula 7.3 do PCAP establece que "*Este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie preaviso do servizo xestor, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. A aprobación da prórroga requirirá acordo expreso da Xunta de Goberno local do Concello de Vigo. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses".*

Para cada unha das convocatorias anuais e a execución completa do programa municipal "Vigo en Inglés", cómpre garantir con antelación suficiente a prestación integral de traballos e servizos de carácter heteroxéneo que implican a realización, entre outras, das seguintes tarefas:

- Actualización de contidos da páxina web do programa.
- Edición e divulgación do soporte documental (polípticos, posters, flyers ...) da convocatoria "Vigo en Inglés, edición 2026".
- Baremación e análise das solicitudes presentadas.
- Atención e asistencia informativa a alumnado participante, familias e Institutos de Vigo.
- Selección e formación de monitores/as.
- Merca de suadoiros institucionais participantes "Vigo en Inglés, edición 2026".
- Viaxe de prospección selección de *High Schools* para integración lingüística.
- Xestión con provedores en destino para selección de familias de acollida e internados nas estadías lingüísticas.
- Reserva e adquisición de billetes de avión.
- Concreción de programa de actividades de inmersión lingüística nos *High Schools* receptores en destino.
- Viaxes, aloxamento e manutención de participantes no programa "Vigo en Inglés edición 2026".

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

En data 4 de decembro de 2025, a contratista recibe a notificación do preaviso mencionado no parágrafo anterior, no que se indica a intención do Concello de Vigo de acordar a primeira prórroga dun ano para o contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun *High School* en período lectivo "Vigo en Inglés", conforme ao estipulado no mesmo .

**6.- Prestación do contrato:** A prestación do contrato dos servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun High School en período lectivo "Vigo en Inglés" por parte da empresa actualmente adxudicataria (New Link Education S.L.) foi realizado a plena satisfacción deste Servizo de Educación, cun correcto cumprimento do estabelecido tanto nos correspondentes pregos de condicións como na súa oferta, no que atinxe á completa execución das edicións 2024 e 2025. Polo tanto, dende o Servizo de Educación enténdese que, de conformidade cos intereses municipais, procede a continuidade da prestación mediante a materialización da primeira prórroga dun ano contemplada no correspondente PCAP para o período comprendido entre o 12/06/2026 e o 11/06/2027 co conseguinte desenvolvemento da edición 2026 deste programa.

**7.- Prezo:** O prezo total do contrato para dous anos quedou aprobado por un importe de 5.999.550,00 euros, exento de IVE. No apartado 3K das Follas de características do contrato (FEC) indícase que non procede a revisión de prezos.

Polo tanto, o prezo para a primeira prórroga por un ano deste contrato quedaría fixado en 2.999.775,00 euros, exento de IVE incluído, que podería imputarse á aplicación orzamentaria 3260.227.9917 (Programa educativo Aulas Internacionais) do exercicio orzamentario 2026.

**8.- Competencia:** A competencia para a resolución do presente expediente correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na Disposición adicional segunda parágrafo 4º da Lei 9/2017 (LCSP).

Á vista das anteriores consideracións, proponse que se eleve á Xunta de Goberno Local, previo informe da Intervención Xeral, a adopción dos seguintes **acordos:**

1º.- Autorizar a primeira prórroga do contrato para os servizos para a xestión, organización e desenvolvemento do programa municipal de inmersión lingüística mediante integración escolar nun *High School* en período lectivo "Vigo en Inglés" (expte. 62810/332), adxudicado a New Link Education S.L., CIF B-22.210.843, o período comprendido entre o 12/06/2026 e o 11/06/2027 para o desenvolvemento da edición 2026 deste programa, dada a satisfacción municipal pola calidade da prestación recibida.

2º.- Asumir o compromiso de incluír no orzamento do exercicio futuro de 2026 o crédito necesario para facer fronte ao gasto de 2.999.775,00 euros (exento de IVE) correspondente a esta prórroga.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(976).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE REPARACIÓN DE MAQUINAS PARA TRABALLOS DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS INCLUÍNDO OS REPOSTOS NECESARIOS PARA DITAS REPARACIÓNS. EXPTE. 51439/446.**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

Visto o informe-xurídico de data 15/12/2025 e o informe de fiscalización do 17/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 09/12/2025, asinado pola adxunta ao xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe do Servizo e conformado polo concelleiro da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

1.- En data 17 de febreiro de 2025, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en data 20 de febreiro de 2025, asinan informe xustificativo da necesidade e orde de inicio do procedemento aberto simplificado para a contratación do *SERVIZO DE REPARACIÓN DE MÁQUINAS PARA TRABALLOS DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, INCLUÍNDO OS REPOSTOS, PEZAS E DEMAIS ELEMENTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS* (expte. 51439/446).

2.- A adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, en data 19 de novembro de 2025, o xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e o concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en data 20 de novembro de 2025, co conforme do concelleiro da Área de Orzamentos e Facenda de data 21 de novembro de 2025, asinan a memoria económica (MEC).

3.- En data 24 de novembro de 2025, a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo, tendo en conta que o presente procedemento se tramita como anticipado de gasto, emite informe favorable sobre a existencia de crédito en relación coa memoria económica presentada na aplicación 1710/2130000 por unha contía de 36.000 euros (Ano 2026 – 2027 e 2028 : 12.000€/ano), quedando diferida a emisión do documento contable de retención de crédito ao momento no que os créditos sexan executivos.

4.- O Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP), de data 4 de decembro de 2025, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns.

5.- A memoria xustificativa (MEX), de data 5 de decembro de 2025, asínase pola adxunta ao xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns e polo xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, co conforme do concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, da mesma data.

6.- En data 5 de decembro de 2025, a xefa do Servizo de Contratación emite informe sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.

7.- O Prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) asínase pola xefa do Servizo de Contratación, con data 9 de decembro de 2025.

8.- O presente contrato non está previsto no plan anual de contratación, pero conta con informe favorable da a Dirección Superior Contable e Orzamentación-Intervención do Concello de Vigo, de data 24 de novembro de 2025.

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 15 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público, no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas aprobado por Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro (no sucesivo, RXLCAP), no que non se opoña á Lei 9/2017.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local de Galicia (LALGA).

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

**Primeiro.-** O expediente de contratación, de acordo co disposto no art artigo 116.1 da LCSP iniciarase polo Órgano de Contratación. No Concello de Vigo, esta competencia está delegada, por acordo da Xunta de goberno Local de data 22/06/2023 (BOPPO núm. 129 do 5 de xullo de 2023) modificado en datas 28/07/2023 e 08/03/2024 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2024, nos concelleiros da Área de Goberno e nos concelleiros delegados.

Ditas delegacións foron modificadas por acordo da Xunta de Goberno Local de 25 de setembro de 2025 (BOP Nº 188, de data 02/10/2025), modificado por acordo da Xunta de Goberno Local de 7 de novembro de 2025 (BOP Nº 217, de data 12/11/2025), mantendo a citada delegación nos concelleiros de Área de Goberno e nos concelleiros delegados.

O concelleiro da Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio e Festas Especiais, en resolución de 20 de febreiro de 2025, autorizou o inicio deste expediente de contratación.

**Segundo.-** Dado o obxecto do contrato, tal e como se dispón no artigo 17 da LCSP trátase dun contrato de servizos e, en concreto, de servizos en función das necesidades da Administración con orzamento máximo (Disposición adicional 33ª da LCSP).

**Terceiro.-** O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel constan, tanto o prego de cláusulas administrativas particulares, como o de prescricións técnicas, que rexerán o contrato, tal e como se sinala no artigo 116 da LCSP.

**Cuarto.-** No expediente xustifícase a necesidade e idoneidade do contrato, de conformidade cos artigos 028 e 116.1 da LCSP.

**Quinto.-** Na memoria xustificativa xustifícase a non división en lotes (artigo 116.4.g LCSP), o prezo e a súa xustificación (100 e seguintes LCSP), o valor estimado do contrato (116.4.d LCSP), os criterios de adxudicación e fórmulas de valoración (artigo 145 e 146 LCSP), os criterios de solvencia (116.4.c), as condicións especiais de execución (202.1) e o principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

O procedemento elixido para a contratación é o aberto simplificado de tramitación abreviada, conforme ao disposto nos artigos 116, 131,2 e 159.6 da LCSP, toda vez que o seu valor estimado é 39.669,43€.

**Sexto.-** De conformidade coa disposición adicional terceira, apartados 8 da LCSP, e a disposición adicional oitava, apartado e) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), requírese o informe preceptivo de Asesoría Xurídica do Concello de Vigo.

**Octavo.-** O artigo 116.3 e o apartado 3 da disposición adicional terceira da LCSP, dispoñen que ao expediente se incorporará o certificado de existencia de crédito ou documento que legalmente o substitúa. Este documento, xunto co informe da fiscalización previa, incorporarase pola Intervención Xeral ao procedemento con carácter previo a aprobación polo órgano de contratación.

**Noveno.-** A competencia para a resolución do presente expediente, previa fiscalización da Intervención Xeral, correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto na disposición adicional segunda apartado 11 da Lei de Contratos do Sector Público. A resolución deberá ser motivada e aprobará o expediente de contratación, dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación (artigo 117 da LCSP) e implicará a aprobación do gasto.

Á vista do exposto, e previo informe da Asesoría Xurídica do Concello de Vigo e da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, no uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte

**ACORDO**:

**PRIMEIRO**.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado de tramitación abreviada do contrato de ***SERVIZO DE REPARACIÓN DE MÁQUINAS PARA TRABALLOS DO SERVIZO DE MONTES, PARQUES E XARDÍNS, INCLUÍNDO OS REPOSTOS, PEZAS E DEMAIS ELEMENTOS NECESARIOS PARA AS REPARACIÓNS,*** así como o prego de prescricións técnicas particulares, asinado na data 4 de decembro de 2025 e o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación por este procedemento asinado en data 9 de decembro de 2025.

**SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **36.000,00 euros**, que inclúe un IVE de 6.247,93 euros, o cal se imputará á aplicación orzamentaria 1710. 2130000 "Reparación Maquinaria" distribuído nas seguintes anualidades.

| ANUALIDADE | IMPORTE |
|---|---|
| 2026 | 12,000.00 € |
| 2027 | 12,000.00 € |

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | |
|---|---|
| 2028 | 12,000.00 € |

**TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.

Os asinantes subscriben declaración de non estar incursos en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24 de febreiro de 2021 e do 3 de marzo de 2021 para os empregados públicos, en execución do O.O.3 "Reforzar a Integridade nos procesos", Liña Estratéxica 3, "Racionalizar e reforzar a integridade nos procesos", Obxectivo Estratéxico 3.4, "Apoiar e favorecer a integridade durante o proceso", Acción 3.4.1.1, do Plan de Integridade na Contratación aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 12.12.2019.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**7(977).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DE "NOVOS PECHES NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL". EXPTE. 6368/443.**

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 16/12/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES DE FEITO**

**I.-** Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto de execución de "NOVOS PECHES NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL DO CONCELLO DE VIGO", redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso.

**II.-** O adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e o xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas os días 8 e 11.03.2024 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento e Servizos e o concelleiro delegado de Deportes, a proposta do adxunto á xefatura do Servizo de Deportes e o xefe do Servizo de Vías, Obras e Infraestruturas, o día 18.03.2024 resolven iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

**III.-** Consta no expediente administrativo de referencia, declaración asinado polos propios redactores do proxecto en cuestión que informan o seguinte:

*"Que as obras recollidas no citado Proxecto de execución, necesarias para garanti-las condicións de seguridade dos usuarios da instalación deportiva, consisten exclusivamente en obras de reparación, mellora, consolidación e modernización da instalación, non implicando aumento de volume, altura nin superficie das construccións existentes.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

*E para que así conste ós efectos do cumprimento das condicións recollidas na Disposición Transitoria Cuarta da Lei 22/1988, de 28 de xulio, de Costas, modificada pola Lei 2/2013 de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da citada Lei 22/1988, asinan a presente declaración".*

**IV.-** A actuación se desenrola nos peches do Complexo Polideportivo de Samil. As obras a executar se enumeran a seguir:

- Renovación integral dos peches e mallas da instalación para o que deberá retirarse a totalidade de malla e postes existentes e proceder á instalación de novos peches en cada unha das pistas respectando as dimensións dos existentes e ás requiridas polas normas NIDE.

- Os postes serán de aceiro galvanizado redondo de diámetro 80 mm e parede mín. 2 mm, triple capa de protección mediante galvanizado en quente cun recubrimento mín. de 20 μ (Z275 s/EN 10326) e dobre capa plastificada con poliéster polimerizado. De cor estándar verde RAL 6005, con tapón de polipropileno non degradable, placa base soldada, maia de simple torsión de dobre fío composta por fíos 6/5/6 mm, paso de 200x55 mm, en módulos galvanizados en quente e dobre capa plastificada con poliéster polimerizado, cor estándar verde RAL 6005.

- Complétase a actuación ca instalación de portas de acceso e ca substitución dos enreixados existentes nas canles de recollida de auga por uns semellantes (tipo ULMA S- 100 A-15).

- O peche do recinto á avda. Samil será derrubado procedendo á construción dun novo peche, formado por unha zapata de formigón armado, un muro de formigón armado de 20 cm de espesor con encofrado visto e un enreixado superior de 2 m de altura.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de (DOUS) 2 meses.

**V.-** A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 15.12.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*De acordo coas determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, a parcela atópase en Solo Rústico de Protección de Espazo Natural.*

*As obras previstas neste proxecto non contemplan a modificación dos parámetros urbanísticos e somentes atenden á conservación e mantemento das instalacións deportivas existentes polo que son actuacións permitidas pola normativa urbanística e poden ser autorizadas por outras administracións que exercen as súas competencias sectoriais sobre esta instalación.*

*Consta no expediente solicitude de informe ao Servizo Provincial de Costas de data 30 de*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 19 de 80 |
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*outubro de 2024. Ao respecto desta solicitude e tendo en conta que a concesión concedida ao concello de Vigo finaliza o 31/12/2032, os redactores do proxecto declaran, en Declaración Responsable incluída no expediente de data 12 e 15 de decembro de 2025, respectivamente que, "...as obras recollidas no citado Proxecto de execución, necesarias para garanti-las condicións de seguridade dos usuarios da instalación deportiva, consisten exclusivamente en obras de reparación, mellora, consolidación e modernización da instalación, non implicando aumento de volume, altura nin superficie das construccións existentes. E para que así conste ós efectos do cumprimento das condicións recollidas na Disposición Transitoria Cuarta da Lei 22/1988, de 28 de xulio, de Costas, modificada pola Lei 2/2013 de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da citada Lei 22/1988...".*

*Polo que as obras que se propoñen neste proxecto están amparadas pola Lei 2/2013 de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da citada Lei 22/1988, xa que se trata de obras de reparación, mellora, consolidación e modernización, e non implican aumento de volume, altura nin superficie das construcións existentes.*

*Inclúese táboa de revisión dos principais aspectos e consideracións verificados do proxecto, anexa ao presente informe.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse adecuados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto de execución de **"NOVOS PECHES NO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DE SAMIL DO CONCELLO DE VIGO"**, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CENTO NOVENTA E UN MIL TRESCENTOS SETENTA E DOUS EUROS CON TRINTA E NOVE CÉNTIMOS (191.372,39 EUROS) e asinado dixitalmente os días 12 e 15 de decembro de 2025, respectivamente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**8(978).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN PARA A MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA INSTALACIÓN AQS E SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA FRONTÓN", DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 6847/443.**
Sométese a aprobación o informe-proposta de data 18/12/2025, asinado pola técnica de Xestión, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | |
|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 Páxina 21 de 80 |
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

## ANTECEDENTES DE FEITO

**I.-** Dende a Concellería de Deportes remítese o proxecto básico e de execución para a "MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA INSTALACIÓN A.Q.S. E SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA FRONTÓN" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS DO CONCELLO DE VIGO", redactado e asinado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo, D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodríguez Cadarso.

**II.-** O xefe do Servizo de Deportes e o xefe da Área de Servizos Xerais o día 21.10.2025 informan que o documento borrador presentado cumpre cos obxectivos do encargo, polo que o concelleiro da Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes, a proposta do xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o día 22.10.2025 resolve iniciar expediente para a aprobación do dito proxecto.

**III.-** O pavillón polideportivo no que se pretende instalar a nova cuberta e mellorar a eficiencia enerxética das instalacións de auga quente sanitaria para os vestiarios que dan servizo tanto ó Pavillón Frontón coma á Pista Vermella, incluíndo a substitución da caldeira de gasóleo existente por bombas de calor e a instalación de paneis fotovoltaicos sobre a cuberta, atópase no Complexo Polideportivo de As Travesas, na avenida de Castrelos nº1 do Concello de Vigo.

Segundo os datos do Catastro, a parcela na que se atopa o pavillón polideportivo conta ca seguinte referencia catastral: 2343301NG2724S0740900054057A.

A superficie aproximada da cuberta de panel sandwich e policarbonato a substituír na edificación principal acada os 1.470 m2. A superficie de cuberta comprendida entre o cumio e a parte mais baixa do lucernario conta cunha chapa sobreposta sobre a cuberta orixinal cunha superficie aproximada de 720 m2. A superficie aproximada da cuberta de pranchas de fibrocemento con presenza de amianto na súa composición a substituír no volume anexo de vestiarios acada os 210 m2.

As obras a acometer son:
- Substitución da caldeira de gasoil existente por bombas de calor e a instalación de paneis fotovoltaicos sobre a cuberta.

- Substitución do material de cobertura do pavillón polideportivo"Pavillón Frontón" que se atopa afectada por oxidacións das chapas, desprendemento de tramos polo efecto dos temporais, filtracións de auga ó interior a traverso das xuntas entre paneis e pranchas de policarbonato en lucernarios, etc. A substitución do material de cobertura suporá tamén unha mellora nas condicións de illamento térmico da superficie de cuberta.

- No edificio anexo, no que se atopan os vestiarios que dan servizo ós dous pavillóns, plantéxase a desmontase da cuberta existente, con catro augas de pranchas de fibrocemento con presenza de amianto na súa composición. Do mesmo xeito procederase á desmontase e instalación dunha nova cuberta no volume anexo ó pavillón no que se atopan os almacéns.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 22 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

- Completarase a execución dos traballos co pintado da estrutura de cuberta (vigas e viguetas) e con pintado dos paramentos interiores completos incluíndo o graderío e das fachadas exteriores (agás das superficies de frontóns exteriores).

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de 4 (CATRO) meses.

**VI.-** A Enxeñeira técnica da Oficina de Supervisión de Proxectos, Inspección Técnica de Obras e Asistencia Técnica Municipal emite o día 18.12.2025 informe de supervisión do proxecto obxecto deste expediente, indicando o seguinte:

*"(...)*
*De acordo coas determinacións do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo a parcela atópase en Solo Urbano dentro do Sistema Xeral de equipamentos deportivos SX-EQ-DE-341.*

*As obras a executar son obras de mantemento da edificación existente polo que son obras permitidas polas ordenanzas de aplicación.*

*Os custes unitarios incluídos no proxecto considéranse axeitados para a execución do contrato, estímase que son prezos xerais de mercado.*

*A documentación do proxecto considérase completa e o proxecto toma en consideración as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica de aplicación, reunindo todos os requisitos esixidos pola "Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014" e polo "Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado por RD 1098/2001 de 12 de outubro", polo que se informa favorablemente, aos efectos de control ordenado polo artigo 235 da citada lei."*

**CONSIDERACIÓNS DE DEREITO**

**I.**- A contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 231 da LCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras que definirá con precisión o obxecto do contrato.

**II.-** Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 233 e 235 da LCSP , e 125 a 137 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas , aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

**III.**- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 23 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta localización no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto

**IV**.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación, a tenor do disposto no artigo 231 da LCSP, que de acordo coa disposición adicional 2ª.4 da LCSP, é a Xunta de Goberno Local.

Non se atopa sometido a fiscalización previa ao tratarse dunha actuación preparatoria. Así se recolle no informe do Interventor Xeral de data 26.06.2023 no marco do expediente 5023-443 no que indique que "*non se atopan sometidas a fiscalización previa as actuacións preparatorias dos diferentes tipos de contratos, como é o caso que nos ocupa, xa que tales actuacións non comportan gasto para a Administración, entendendo que si deberá ser obxecto de fiscalización previa a proposta do servizo xestor ao órgano de contratación de aprobación do expediente, do prego de cláusulas administrativas particulares, do gasto e da apertura do procedemento de adxudicación (artigos 116 da LCSP)*"

**V.-** Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 236 da LCSP).

Polo que á vista do exposto, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO**

Aprobar o proxecto básico e de execución para a **"MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA NA INSTALACIÓN DE A.Q.S. E SUBSTITUCIÓN DO MATERIAL DE COBERTURA DO PAVILLÓN POLIDEPORTIVO "PISTA FRONTÓN" DO COMPLEXO POLIDEPORTIVO DAS TRAVESAS NO CONCELLO DE VIGO"** redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia de Urbanismo D. Juan Luis Piñeiro Ferradás e D. David Carvajal Rodriguez-Cadarso, cun orzamento base de licitación máis IVE de CINCOCENTOS CORENTA E SETE MIL NOVECENTOS SETENTA E DOUS EUROS con SESENTA CÉNTIMOS (547.972,60 €), e asinado dixitalmente o día 17 de decembro de 2025.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(979).-RECOÑECEMENTO DA INVERSIÓN DAS OBRAS DA PRÓRROGA DA CONCESIÓN DE AQUALIA CORRESPONDENTES AS ACTUACIÓNS EXECUTADAS ATA O 31 DE MARZO DE 2025. EXPTE. 2301/441.**

Visto o informe de fiscalización do 19/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 11/12/2025, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, o xefe da Área de Servizos Xerais e conformado polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

## ANTECEDENTES:

**Primeiro.-** A Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente de 30 de decembro de 2020, acordou:

No punto 1º, declarar a segunda prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo Municipal de Abastecemento de Auga e Saneamento de Vigo, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, en virtude do acordo plenario de data 25/10/1990, por un periodo de 5 anos con efectos dende o 1 de xaneiro de 2021 ata o 31 de decembro de 2025, con arranxo ás condicións económico administrativas establecidas na cláusula primeira do contrato, vinculada a mesma á execución e financiamento do plan de investimenos do período da prórroga por importe de 40.471.411,63 euors, ou a cantidade que resulte segundo a evolución do custo financeiro e da activación dos desembolsos, segundo as cuantías e prazos de execución indicados no informe económico de data 28.12.2020.

**Segundo.-** En sesión de 08.03.2013 a Xunta de Goberno Local aprobara a ordenación do procedemento a seguir nas obras a executar incluídas no programa de investimentos da primeira das prorrogas acordadas, e con data de 6 de maio de 2021 o dito órgano, seguindo as indicacións da Asesoría Xurídica, no informe emitido con ocasión da segunda prórroga, aprobou a adaptación á normativa contractual vixente da ordenación do dito procedemento de contratación para a execución dos investimentos previstos na segunda prórroga.

**Terceiro.-** En data 14 de abril de 2025, a empresa concesionaria do servizo de abastecemento e saneamento de Auga Aqualia FCC-Vigo UTE presenta no Rexistro Xeral do Concello de Vigo solicitude de recoñecemento de inversión correspondente ao plan de investimentos da prórroga da concesión, con cargo á retribución do concesionario a cantidade de **18.451.159,19 €,** correspondente ás inversións executadas ata o 31 de marzo de 2025.

## FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**Primeiro.-** As actuacións incluídas na solicitude de recoñecemento de inversión dende o 01/01/2021 ata o 31 de marzo de 2025 son as seguintes:

| | ACTUACIÓN | INVERSIÓN (IVE excluido) | Nº expediente |
|---|---|---|---|
| a | Proxecto de Ampliación y modernización de la ETAP del Casal, e os seus custes asociados | 14,953,413.74 € | 4649/443 |
| b | Proxecto de Renovación del abastecimiento de la calle Rosal Florido y entorno (Sampaio)e liquidación, e os seus custes asociados | 1.033.882,23€ | 918/441 |

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | | | |
|---|---|---|---|
| c | Proxecto de Renovación del colector de saneamiento en la Avda. Martínez Garrido entre los números 82 y 86 e liquidación, e os seus custes asociados | 244.032,16€ | 1154/441 |
| d | Proxecto de Renovacion del saneamiento y abastecimiento en la calle Marcelo Curras del nº 40 al nº 50 e liquidación, e os seus custes asociados | 126.961,02 € | 1231/441 |
| e | Proxecto de Sustitución del colector de saneamiento en la calle Salceda de Caselas e liquidación, e os seus custes asociados | 111.885,97 € | 1251/441 |
| f | Proxecto de Demolición del emisario de la antigua EDAR Lagares e liquidación, e os seus custes asociados | 133.833,79 € | 1603/441 |
| g | Proxecto de Renovación de las redes de abastecimiento y saneamiento en la calle Vista do Mar tramo desde el nº 11 hasta el nº 88 e liquidación, e os seus custes asociados | 119.422,53 € | 1230/441 |
| h | Proxecto de Renovación del abastecimiento en la calle Toledo y entorno e liquidación, e os seus custes asociados | 221.371,22 € | 1392/441 |
| i | Proxecto de Renovacióndel saneamiento en la calle Estrada e liquidación, e os seus custes asociados | 139.313,21 € | 1033/441 |
| j | Proxecto de Renovación de la red de abastecimiento en Avda. Castrelos entre los nº 120 y nº 144 e liquidación, e os seus custes asociados | 166.247,96 € | 1425/441 |
| k | Proxecto de Extensión del mallado de la red de abastecimiento del Concello e liquidación, e os seus custes asociados | 757.139,86 € | 1403/441 |
| l | Proxecto de Renovación de la red de abastecimiento en la calle Enciño y en la calle Do Freixo e liquidación, e os seus custes asociados | 374.303,11 € | 1402/441 |
| m | Proxecto de Mejora del saneamiento en la Calle Sabaxáns e liquidación, e os seus custes asociados | 69.352,40 € | 1881/441 |
| TOTAL PENDENTE DE RECOÑECER | | 18,451,159.19 € | |

**Segundo.-** Na ordenación do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2013, contémplase no apartado III, punto d, *que:*

*"*Unha vez rematada a obra, someterase a aprobación da Xunta de Goberno Local a recepción da mesma, o que implicará o recoñecemento do investimento, a adscrición ao

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

servizo público e a autorización para iniciar o procedemento de recuperación a través da tarifa do Servizo.
Considerase imprescindible achegar á proposta de recoñecemento de investimento a seguinte documentación:
– Certificado final de obra.
– Acta de recepción.
– Certificación acreditativa de terse efectuado a totalidade dos pagamentos inherentes ás obras, agás as dos gastos asociados (asistencia técnica, dirección de obra*, etc.)”.*

Consta informe de data 9 de decembro de 2025 dos enxeñeiros municipais D. Xacobe Paz Salgado e do Xefe de Área de Servizos Xerais D. Jerónimo Centrón Castaños no que se indica que a documentación presentada corresponde cos traballos levados a cabo para cada unha das actuacións citadas na táboa anterior, e se considera completa a efectos da tramitación do correspondente recoñecemento desas actuacións como inversións do plan de investimentos da prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE.

Indica tamén o informe técnico que se debe realizar un axuste á baixa de 50,00 € no importe da inversión a recoñecer, debido a unha discrepancia entre o investimento declarado pola concesionaria e o executado (e certificado) correspondente co Proxecto de Ampliación e modernización da ETAP do Casal.

**Terceiro.-** Competencia.- O apartado III, punto d) do procedemento de contratación a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 8 de marzo de 2013 atribué á Xunta de Goberno Local a creación e recoñecemento do investimento, polo que **PROPONSE** á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

**Único.-** Proponse recoñecer como inversións do plan de investimentos da prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE. un importe de **18.451.109,19 €.**

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 10(980).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO. EXPTE. 14692/407.

Visto ditame favorable do Consello de Xerencia da Xerencia de Urbanismo, do 16/12/2025, o informe xurídico do 03/12/2025 e o informe de fiscalización do 10/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 24/11/2025, asinado polo



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 27 de 80 |
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

técnico superior de actividades económicas e o xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

**I.- Antecedentes e informes ás alegacións presentadas.**

***I.1.- Antecedentes.***

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 5 de xullo de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*"Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade co catálogo de postos que se achega como ANEXO, recollendo as modificacións descritas no apartado I deste informe-proposta.*

*Segundo.- Dispoñer a publicación de dita aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en cumprimento do previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia."*

Dita aprobación inicial foi publicada na web deste Concello de Vigo e no BOP de Pontevedra de 23 de xullo de 2024, abríndose o prazo de 20 días hábiles, aos efectos de presentar reclamacións, suxestións ou alegacións. En dito prazo presentáronse 31 alegacións.

***I.2.- Informe as alegacións presentadas.***

Estas 31 alegacións foron obxecto de informe con datas 09.09.2025 e 06.11.2025, que se transcriben:

***Informe de data 09.09.2025 (trámite 104):**

***"I.- Antecedentes.***

*Con data 05.07.2024 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:*

*"Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade co catálogo de postos que se achega como ANEXO.*
*Segundo.- Dispoñer a publicación de dita aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en cumprimento do previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia."*

*Dita aprobación inicial foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 23 de xullo de 2024, abríndose un prazo de 20 días hábiles para presentar reclamacións, suxestións ou alegacións, de conformidade co previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia.*

*En dito prazo presentáronse 31 alegacións:*

| *Nº* | *Documento* | *Alegante* | *Contido esencial/motivo ** |
|---|---|---|---|

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | | | |
|---|---|---|---|
| *1* | *240231266* | *Rosa Marta Crespo Vidal* | *(1)* |
| *2* | *240232963* | *José María Arango Fernández* | *(1)* |
| *3* | *240241547* | *Juan Luis Piñeiro Ferradás* | *(1)* |
| *4* | *240241550* | *David Carvajal Rodríguez-Cadarso* | *(1)* |
| *5* | *240244041* | *Juan Hansen García* | *(1)* |
| *6* | *240245604* | *Belén González Ramírez* | *(2)* |
| *7* | *240245720* | *Juan González Ramírez* | *(2)* |
| *8* | *240245911* | *Mª Cristina Chao Polo* | *(1)* |
| *9* | *240247649* | *SICO* | *(4)* |
| *10* | *240247651* | *SICO (=240247649)* | *(4)* |
| *11* | *240249734* | *Gustavo Mallo Camaño* | *(1)* |
| *12* | *240249761* | *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia* | *(1) (3)* |
| *13* | *240249771* | *Teresa María Rivas Rodríguez* | *(1)* |
| *14* | *240249881* | *Carolina Pérez Aguilera* | *(1)* |
| *15* | *240249957* | *SICO* | *(4)* |
| *16* | *240249958* | *SICO (=240249957)* | *(4)* |
| *17* | *240250068* | *Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia* | *(3)* |
| *18* | *240250525* | *Raquel López González* | *(3)* |
| *19* | *240250650* | *Iolanda Alonso Regueiro (CIG)* | *(4)* |
| *20* | *240250767* | *Paula Martínez Vidal* | *(1)* |
| *21* | *240250918* | *Lucía Bouzada Riveiro* | *(1)* |
| *22* | *240251196* | *Ana María García Pedregal* | *(1)* |
| *23* | *240251319* | *Cesar Sieiro Cerdeira e outros* | *(1) (3)* |
| *24* | *240251466* | *Iván Alejandro Ramos Lamas* | *(1) (2)* |
| *25* | *240251676* | *Iván Alejandro Ramos Lamas* | *(3)* |
| *26* | *240251766* | *Jose María Domínguez Blanco* | *(1) (2)* |
| *27* | *240251780* | *Eduardo Abalde González* | *(1)* |
| *28* | *240251789* | *Rosalía Alonso Pena* | *(1)* |
| *29* | *240251828* | *Ana Requejo Fasero* | *(1)* |
| *30* | *240251829* | *Pablo Sevilla Valcarcel* | *(1) (2)* |
| *31* | *240251830* | *Ana Requejo Fasero (=240251828)* | *(1)* |

*Contido esencial/motivo:*
*(1) Avaliación do posto/condicións retributivas.*

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

*(2) Melloras organizativas/aumento da dotación de postos.*
*(3) Elementos definitorios dos postos.*
*(4) Pluralidade de contidos (sindicatos).*

***II.- Normativa de aplicación.***

*- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.*
*- Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.*
*- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local.*
*- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.*

***III.- Informe ás alegacións presentadas.***

***(1) Alegacións en relación á avaliación do posto/condicións retributivas (núm. 240231266, 240232963, 240241547, 240241550, 240244041, 240245911, 240249734, 240249771, 240249881, 240250767, 240250918, 240251196, 240251319, 240251466, 240251766, 240251780, 240251789, 240251828, 240251829, 240251830).***

*Proponse a desestimación das alegacións que gardan relación coa avaliación do posto e coas condicións retributivas, por ser obxecto da avaliación que se encontra actualmente externalizada e sendo obxecto de estudo. Poderá e deberíase ter en conta, no desenvolvemento de ditos traballos de avaliación as alegacións presentadas.*

*Así mesmo, como consecuencia desta avaliación dos postos, deberá incoarse nova modificación dos postos de traballo.*

*Por afectar ó área de Servizos Centrais, infórmase o seguinte en relación con algunha das citadas alegacións, sin entrar na valoración individualizada dos postos (por orde de presentación):*

*- **Rosa Marta Crespo Vidal e Carolina Pérez Aguilera (alegacións número 240231266 e 240249881).***

*Ademais da necesidade de realizar o proceso valorativo xeral dos postos xa sinalado, é necesario crear unha estrutura con mais permanencia no Arquivo, de tal forma que exista dotación:*

** A nivel técnico, coa adecuada avaliación en función de especialización e responsabilidade asumida.*
** A nivel administrativo, estudando a posibilidade da creación dun posto do subgrupo C1 que asuma a coordinación do persoal administrativo e subalterno e as responsabilidades -baixo a dirección técnica- na xestión ordinaria, en relación co resto dos servizos da Xerencia e coas solicitudes dos cidadáns.*
** A nivel de persoal subalterno que teña asinadas as funcións de apoio os traballos da Oficina de Arquivo e Control, nos movementos dos expedientes físicos e a súa correcta ubicación,*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

así como nos procesos de dixitalización dos mesmos. En relación co empregado José María Arango Fernández, remítome á contestación a súa alegación.

*Non é certo que exista unha "negación sistemática do dereito á carreira profesional", dado que polo menos un C1 do Arquivo acadou este subgrupo sendo orixinariamente C2 e deuse a oportunidade de que un empregado do grupo E promocionara ó subgrupo C2. Sí debe fomentarse a carreira profesional a todos os traballadores e, polo tanto, deberá posibilitarse tamén o paso do A2 ó A1; toda vez que o posto de responsable do Arquivo require a maior cualificación posible (título de grao, como mínimo), mantendo as promocións internas desde os subgrupos E e C2.*

- ***José María Arango Fernández (núm. 240232963).***

*Como o resto dos postos está sometido a avaliación contratada. Debe constatarse que nos últimos tempos (antes da última situación de incapacidade temporal) o traballo do alegante centrouse na notificación de actos administrativos que pola súa urxencia, non podía encomendarse ó servizo de Correos. Este empregado desenvolvía este traballo con celeridade e con dispoñibilidade nas franxas horarias que requiren as segundas notificacións. O seu posto debería denominarse subalterno-notificador e equipararse retributivamente ós alguacís-notificadores. Dada as funcións que desenvolve, non debe incluírse no Arquivo/Control, sen prexuízo de que como persoal subalterno preste colaboración coa citada Oficina e coas demais, como xa viña facendo.*

- ***Lucía Bouzada Riveiro (núm. 240250918)***.

*Alegación centrada na necesaria "valoración individual e detallada de cada posto de traballo", achega unha pormenorizada descrición das funcións e tarefas desenvolvidas no Rexistro (especificando as funcións de Rexistro de entrada presencial e as de Rexistro electrónico, así como as propias do Rexistro de saída). Aínda así non se esgota a relación das funcións e tarefas que realmente desenvolven.*

*Debe terse en conta tamén que as funcións descritas no expediente 9120/407 de 2016-2017, correspondente á relación de posto de traballo aprobada pola Xunta de Goberno Local de 30 de decembro de 2016 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra de 13.03.2017, permanecen como propias dos mesmos postos na actualidade. De acordo coa alegante, o desenvolvemento das funcións sinaladas require un "perfil polivalente", especialmente na necesaria formación que require tanto a información demandada polos cidadáns, como a necesidade de cualificar/clasificar as solicitudes de licenzas/comunicacións previas, como na comprobación da documentación achegada polos solicitantes/demandantes. A asignación dos complementos retributivos ós postos deberá ter en conta estas cuestións.*

- ***Ana María García Pedregal (núm. 240251196).***

*Solicita "a modificación do complemento de destino dos postos de administrativo de oficina de rexistro, asignándolles o nivel 21 en concordancia co grao de especialización, responsabilidade e competencia dos postos tal e como queda reflectido na parte expositiva da presente".*

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

*Utilízase en gran medida os argumentos da alegación anteriormente informada, polo que no común remítome á mesma.*

*A alegante expresa que "debido á implantación da Administración Electrónica e a que o noso negociado está a medio camiño entre unha oficina de asistencia en materia de rexistro e un servizo integral de atención cidadá, o abanico de funcións recoñecido polo acordo da XGL foise expandido". Efectivamente, desde a entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, o persoal de Rexistro realiza funcións de asistencia ós cidadáns tanto presencial como telefonicamente, neste caso tamén para facilitar a tramitación electrónica das solicitudes e de toda a documentación anexa. Dita función de asistencia está recoñecida no artigo 12 de citada Ley 39/2015 e no seu artigo 13.b) como dereito das persoas en sus relacións coas Administracións Públicas.*

*- **Eduardo Abalde González (núm. 240251780).***

*Solicita "o recoñecemento do CE 3200 para o posto de Inspector de Urbanismo da Oficina de Información e atención ao cidadán". Ademais da remisión á avaliación dos postos externalizada, debe terse en conta que aínda que esta unidade, denominada Oficina de Información e atención ó cidadán, estea integrada por solo dous postos con tarefas a desenvolver maioritariamente iguais, ao posto de Xefa/e de Información Urbanística correspóndelle organizar a prestación do servizo, especialmente ante a existencia de ausencias puntuais ou prolongadas e propoñer melloras ou modificacións na devandita prestación; tendo ademais que ser o contacto prioritario cando se teña que trasladar por parte dos servizos de Urbanismo información e documentación que trasladar ós cidadáns.*

*Solicita tamén ó alegante "a reconversión das prazas de inspector na oficina de Información e atención ó cidadán en delineante-inspector, así como a fixación da titulación de acceso 3 e 62, co fin de garantir o dereito á mobilidade e á carreira profesional".*

*O técnico informante está de acordo coa ampliación das titulacións de acceso ós postos desta unidade, asignándolle a titulación 3 (bacharelato superior, F.P. II ou equivalente) que engloba a 62, polo que é innecesario a súa especificación.*

*En calquera caso, o posto que acompaña ó da xefatura desta unidade, sen prexuízo do funcionario que o ocupe, debería ter unha denominación distinta a de inspector de urbanismo e ter en conta na asignación de retribucións o cometido permanente de atención ó público. Proponse a denominación de "Técnico Auxiliar de Información", mantendo o subgrupo C1 e a escala de Administración Especial.*

***- César Sieiro Cerdeira e outros delineantes de Cartografía (núm. 240251319).***

*Ademais de solicitar que se iguale o complemento específico do posto de Xefa/e da Sección de Cartografía (408.01) ao do posto de Xefa/e de Inspectores de Urbanismo (403.01), que debe ser incluída na avaliación de postos antes mencionada, solicitan os alegantes que se clasifique os Delineantes de Cartografía no Grupo B e complemento de destino 22 e complemento específico co código 305 (19.125,64 euros en 2024).*

*A Lei 2/2015 do emprego público de Galicia, no seu artigo 42, letra b) expresa:*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

*“Grupo B. Para o acceso a este grupo es necesario estar en posesión do título de técnico superior. Pertence a este grupo o corpo de técnicos de carácter facultativo de Administración especial”.*
*Este corpo, de acordo co artigo 41.3.c) da propia Lei 2/2015, está integrado polo “persoal funcionario seleccionado para ocupar postos que teñan atribuídas funcions técnicas para cuxo desempeño se requira unha titulación de técnico superior”.*

*As prazas de delineantes, no conxunto do Concello de Vigo, figuran no cadro de persoal (plantilla) que se inclúe nos orzamentos anuais, no subgrupo C1. Non existen prazas no grupo B. Sen dúbida é necesario estudar*

***- Pablo Sevilla Valcárcel (núm. 240251829).***

*Solicita:*

*1) “O mantemento na RPT da praza de Técnico Superior de Urbanismo – Cartografía, praza que non debe ser suprimida”.*

*2) “A equiparación, a efectos retributivos, das prazas de delineantes cos das prazas de inspectores de urbanismo”.*

*3) “A equiparación, a efectos retributivos, do posto de xefe/a de sección de Cartografía, que se crea, co posto de xefe/a de Oficina de Rexistro”.*

*En relación cos puntos 2) e 3) remítome ó expresado no comenzo deste informe. En relación co apartado 1), efectivamente sería conveniente contar con dita praza de Técnico Superior de Urbanismo-Cartografía (en principio debía tratarse de un topógrafo), non solo polo ser traballo na unidade de Cartografía, senón tamén pola necesidade reiterada de levantamentos topográficos que requiren outros servizos, especialmente o de Desenvolvemento urbanístico. Non obstante, a necesidade de contar coa debida consignación orzamentaria determinaría su materialización.*

***- Juan Hansen García (núm. 240244041).***

*Aínda que non pertence ós Servizos Centrais, constátase que percibe un complemento de produtividade de forma reiterada, o que obriga a estudar a conveniencia de modificar as súas retribucións complementarias na avaliación de postos.*

***(2) <u>Alegacións en relación con melloras organizativas/aumento da dotación de postos</u> (núm. 240245604, 240245720, 240251466, 240251766, 240251829).***

*- **Belén González Ramírez (núm. 240245604).***

*Non se informa esta alegación en profundidade pola necesidade de abstención derivada do parentesco de segundo grado da alegante con este técnico informante. Debería ser informada pola xefatura de Desenvolvemento Urbanístico ou da Área Técnica. Advírtese desde os Servizos Económicos desta Xerencia de Urbanismo, a falta de informe xurídico do Servizo de*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 33 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

*Planeamento-Xestión nas reclamacións, nestes últimos anos, dos expropiados para a percepción do xustiprezo, o que conleva a recepción de protestas dos administrados afectados e que nalgúns casos se teñan feito nos Servizos Centrais as debidas comprobacións de titularidade e de existencia de débeda.*

- ***Juan González Ramírez (núm. 240245720).***

*Alegación presentada polo propio técnico informante, por considerar que o modelo organizativo aprobado inicialmente non é suficiente para respostar ás necesidades de xestión do Organismo. Debe ser informada por outra instancia.*

***- Iván Alejandro Ramos Lamas (núm. 240251466).***

*Inclúe dúas alegacións/suxestións/reclamacións:*

*1.- En relación coa proposta de adscribir á Oficina de Información e atención ó cidadán ó Servizo de Licenzas:*

*Efectivamente a meirande parte das consultas planteadas teñen relación coas funcións e tarefas desenvoltas polo Servizo de Licenzas e tamén é certo que os apoios, ante a falta de recursos humanos propios, os realizaron técnicos do Servizo de Licenzas nos últimos tempos.*
*Trátase dunha unidade de vital importancia e que require apoio técnico externo case permanente, aínda que estean prestando servizo os dous efectivos de aquela. Ten un carácter transversal en relación co conxunto da Xerencia de Urbanismo. Informa tamén constantemente do planeamento vixente, da súa execución en ámbitos determinados e da súa aplicación a parcelas determinadas.*

*Entendo que cabe tamén o seu encadre na Área Técnica, dentro ou non do Servizo de Licenzas. É unha cuestión organizativa que compete á Xefatura da Xerencia, que debe escoitar á Xefatura da Área Técnica. Esta xefatura dos Servizos Centrais considera xustificado e razoable que esta unidade se adscriba a Área Técnica, dentro ou non do Servizo de Licenzas. Tampouco sería desacertado que se manteña nos Servizos Centrais, pois este departamento ten un carácter transversal no seu conxunto.*

*2.- En relación coa forma de provisión do posto e o incremento do complemento específico do posto de Xefatura de Licenzas:*

*Esta parte da alegación garda relación coa avaliación do posto e coas condicións retributivas, cuestión actualmente externalizada, sendo obxecto de estudo pola empresa adxudicataria do servizo. Non obstante, a xuízo deste técnico, dado o volume de efectivos ó seu cargo, o volume de expedientes que se tramitan, a dificultade técnica e a responsabilidade asignada ó posto, sería acertado equiparar o complemento específico ó do posto de xefatura de Disciplina/Conservación.*

***- Jose María Domínguez Blanco (núm. 240251766).***

*Reitérase unha vez máis a necesidade de que se conclúa a avaliación dos postos que ten sido externalizada a través dun contrato de servizo.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

*En relación coa proposta de redenominación do Servizo de Disciplina/Conservación Urbanística para pasarse a chamar "Servizo de Protección do territorio de Vigo" ou "Servizo de Protección urbanística da cidade de Vigo", considérase decisión última da Xefatura da Xerencia, escoitando á Xefatura da Área Técnica. Non obstante, a xuízo deste técnico, tendo en conta que o Servizo está obrigado a desenvolver competencias e funcións establecidas legalmente, debe terse en conta as denominacións utilizadas na Lei do Solo de Galicia (Lei 2/2016, de 10 de febreiro):*

*- O artigo do 12.1 denomina as materias "disciplina urbanística" e "conservación da edificación".*

*- O título VI denomínase "Intervención na edificación e uso do solo e disciplina urbanística", o seu capítulo I utiliza de novo "conservación" e o capítulo III "disciplina urbanística".*

***- Pablo Sevilla Valcárcel (núm. 240251829).***

*Esta alegación está informada no apartado (1), tamén en materia de proposta organizativa.*

***(3) <u>Alegacións en relación cos elementos definitorios dos postos</u> (núm. 240250525, 240251676, 240249761 e 240250068).***

***- Raquel López González (núm. 24025052) e Iván Alejandro Ramos Lamas (núm. 240251676).***

*Estas alegacións van referidas ó posto 421.06 Arquitecto (A1), con titulación requirida 105 (Grao en Arquitectura).*

*Solicitan que o posto sexa denominado "Arquitecto técnico de grado" (en concordancia co cadro de persoal vixente) e a titulación requirida "Grado en Arquitectura técnica ou titulación de grado equivalente" (clave tit.105).*

*Debe ser admitida esta alegación por cuanto define mellor o posto e as condicións de acceso, que posibilitan o fomento obrigatorio desta Administración da carreira profesional e a promoción interna.*

*A denominación do posto 421.06 deberá ser "Arquitecto técnico de grado" e a titulación requirida "Grao en Arquitectura técnica ou titulación de grao equivalente" (clave de titulación 105).*

*Estas denominacións servirán para diferencias este posto dos de "Arquitecto", para os que a titulación requirida será Arquitecto, grao e máster ou titulación equivalente anterior (clave de titulación 105).*

***- Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (núm. 240249761 e 240250068).***

*Esta alegación versa sobre dúas cuestións:*

*1ª.- <u>Titulación requirida para os postos de Arquitecto e para o posto 421.06</u>.*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 35 de 80 |
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*Como se argumentou nas alegacións anteriores o posto 421.06 está reservado para funcionarios que tendo a titulación de Arquitectura técnica, posúan a titulación de grao (para os titulados anteriores á nova ordenación universitaria supón a obtención dun titulación adicional respecto do que xa tiñan). Encádrase no subgrupo A1, conforme ós artigos 42 da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia e o artigo 76 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 que aprobou o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público. Como xa se dixo esta clasificación permite o fomento da carreira profesional e da promoción interna.*

*Debe terse en conta que non existe unha norma de rango legal que esixa título superior ao de grao para acceder ó subgrupo A1 e que non se está interferindo nas funcións da profesión de "Arquitecto" (nivel máster), debéndose diferenciar sempre as titulacións de acceso, como se pretende, en función do obxectivo a acadar e dos profesionais que se busque incorporar, segundo as funcións públicas a desenvolver.*

*Todos os postos de "Arquitecto" mencionados nesta alegación (agás o 421.06) terá como titulación requirida a 75 que deberá especificar: Arquitecto grao e máster ou equivalente. Os postos 421.03 e 423.04 deberán ter como titulación de acceso a clave 75.*

*En xeral, deberá terse en conta que a equivalencia establecida legalmente permitirá o acceso ás prazas a titulacións non vixentes (anteriores ás novas titulacións), de conformidade coa disposición adicional quinta da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia e as normas vixentes nesta materia.*

*2ª.- Complementos retributivos dos postos de traballo de "Arquitecto".*

*Como xa se dixo está pendente de concluír a avaliación dos postos, que deberán analizar as funcións e tarefas desenvoltas por estes funcionarios. Entre tanto, esta Administración diferencia as retribucións complementarias dalgúns postos de arquitectos, especialmente do complemento específico, en función da dedicación, responsabilidade e dificultade técnica dos cometidos e tarefas asignadas e desenvoltas. Avaliados estes factores en relación con algúns postos, compre a súa diferenciación (sempre dentro das posibilidades orzamentarias).*

***4.- Alegacións que tocan varios dos temas expostos.***

***- Sindicato Independiente Concello de Vigo "SICO" (documentos 240247649 e 240247651).***

*Solicita nestas alegacións tres cuestións:*

*1ª.- Que se manteña a separación de Servizos Disciplina Urbanística e Conservación ou, en caso contrario, se recoñeza igual aumento retributivo nos complementos específicos dos postos de ambos servizos.- Como xa se sinalou no informe-proposta da aprobación inicial o obxectivo da unificación dos Servizos é a coordinación das competencias de ambos e acadar unha maior eficiencia compartindo os recursos humanos dispoñibles, mantendo de forma autónoma as oficinas administrativas pre-existentes. A proposta de modificación das condicións retributivas do anterior posto de xefe de Disciplina Urbanística que pasa a ser xefe de Disciplina Urbanística e de Conservación parece obvia, toda vez que aumenta a responsabilidade, dificultade técnica e a dedicación. O posible impacto deste unificación no persoal de ambos servizos terá que ser estudado na avaliación dos postos que está contratada.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 36 de 80 |
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*2ª.- O posto de Xefe/a de Inspectores de Urbanismo, de código 423.06, solicítase que se lle asigne ao posto o CE 650. Este posto do subgrupo A2 ten asignado na proposta de aprobación o código 680 (código xeral e mínimo nos A1 e maioritario nos A2 na Xerencia de Urbanismo, non no conxunto do Concello de Vigo). En calquera caso, debe ser obxecto a avaliación dos postos.*

*3ª.- Solicítase que se incorpore o código de titulación 75 (Arquitecto superior ou equivalente) para o posto 421.06 de Arquitecto.- Este posto do subgrupo A1 está previsto que se dote cun arquitecto técnico de grado, de tal forma que debe redenominarse "Arquitecto técnico de grado" e a titulación requirida "105" se especifique que é "Grado en Arquitectura técnica". Dita dotación realizarase como consecuencia dun proceso de promoción interna (o fomento desta promoción é unha obriga para todas as Administracións).*

***- Iolanda Alonso Regueiro en representación da CIG (núm. 240250650).***

*Refírese esta alegación a varios temas:*

*1.- Eliminación dos postos Técnico Superior de Urbanismo – Cartografía, Xefatura de Barrios Históricos e Enxeñeiro de Camiños da Oficina de Urbanización e Infraestruturas.*

*En relación coa eliminación do posto de Técnico Superior de Urbanismo-Cartografía xa se argumentou na alegación de Pablo Sevilla Valcárcel (núm. 240251829).*

*En canto ó posto de Xefatura de Barrios Históricos aínda que se recoñece a necesaria especialización na materia enténdese que non é necesario un posto de xefatura cun equipo de traballo específico, que impediría un uso eficiente dos recursos existentes no Servizo de Licenzas.*

*A eliminación do posto de Enxeñeiro de Camiños da Oficina de Urbanización e Infraestruturas non supón diminución dos efectivos existentes (dous). Non se discute a alta carga de traballo da oficina.*

*2.- Modificación dos complementos específicos.*

*Corrobórase a contratación da empresa para a avaliación dos postos, que aínda non rematou os traballos. En calquera caso, determinadas situacións acordadas con anterioridade non debían esperar máis tempo.*

*3.- Sistemas de titulacións e titulacións requiridas.*

*As claves empregadas para as titulacións teñen orixe nas empregadas nas RPTs do Concello, pero non necesariamente deben ser coincidentes con estas.*

*De acordo co exposto nesta alegación e as modificacións do mapa de titulacións vixentes, deben corrixirse as claves e titulacións dos seguintes postos (especialmente na mención da formación profesional), pero deberá terse en conta que a equivalencia establecida legalmente permitirá o acceso ás prazas a titulacións non vixentes (anteriores ás novas titulacións), de conformidade coa disposición adicional quinta da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia e as normas vixentes nesta materia.*

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

*En consecuencia as primeiras claves de titulacións quedarían así:*

*Tit. 1: Título universitario oficial de grao ou equivalente (subgrupo A1).*
*Tit. 2: Título universitario oficial de grao ou equivalente (subgrupo A2).*
*Tit. 3: Bacharelato ou Técnico (subgrupo C1).*
*Tit. 4: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (subgrupo C2).*
*Tti. 5: Agrupacións profesionais sen titulación específica (certificado escolaridade, no seu caso).*

*En relación coa esixencia do título de grao para os subgrupos A1 e A2, expresar que deber así para os novos titulados e admitirse ós titulados anteriores á vixente ordenación universitaria, nas equivalencias recoñecidas legalmente.*

*En relación co grupo B (técnicos superiores de formación profesional), trátase este tema na alegación presentada polos delineantes. Debe analizarse no conxunto do Concello.*

*Todos os Técnicos de Administración Xeral deben ter a titulación 99 (tamén o 402.03), de conformidade co artigo 169.2a) do Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril. A meirande parte dos postos de técnicos de Administración Especial requiren unha titulación específica (nalgúns casos como arquitectos ou enxeñeiros con nivel máster ou equivalente).*

*Cando en postos singularizados, en especial de "xefaturas", se asigna a titulación "1" é porque inténtase abrir a posibilidade de acceder a ditos postos diferentes perfiles profesionais. A especialización na materia urbanística poda abarcar o eido xurídico, o arquitectónico ou o propio dos enxeñeiros. Dáse cumprimento en todo caso ó artigo 38.4.f) da Lei 2/2015 do emprego público de Galicia.*

*4.- Oficinas con falta de persoal, descompensación entre oficinas.*

*Cita esta alegación as oficinas/servizos de Vivenda, Planeamento e Xestión, Urbanización e Infraestruturas, Cartografía e Arquivo, engadindo neste último caso o tema do espacio.*

*En relación coas necesidades de persoal é tamén obxecto de estudo pola empresa que avalía os postos de traballo. Algúns reforzos poderían ser necesarios. O tema de espacio solucionouse parcialmente coa instalación de novos andeis no Arquivo, aínda que semella insuficiente.*

*5.- Organización da RPT da Xerencia Municipal de Urbanismo (Cartografía, Vivenda e Obras Municipais)*

*A incardinación das unidades/servizos mencionados é a seguinte (de conformidade coa nomenclatura e codificación do documento obrante no trámite 44 (ANEXO CATÁLOGO DE POSTOS):*

*- Cartografía (408): I.6.2 dentro do Servizo de Admon. Electrónica e do Departamento de Servizos Centrais.*
*- Oficina de Vivenda (409): I.7 dentro do Departamento de Servizos Centrais.*
*- Obras e Proxectos Municipais (410): I.8 dentro do Departamento de Servizos Centrais (pon de II.8 pero debe poñer I.8).*

*Por tanto, non cabe dicir que a "oficina de vivenda" non aparece adscrita a ningunha área.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

*6.- Posto de subalterno da oficina de arquivo e control.*

*De acordo coa alegación presentada o posto de SUBALTERNO de Arquivo e Control (posto 406.04), debe figurar como situación (SIT) a clave P (adscrición provisional) en lugar de T (adscrición permanente).*

*7.- Solicitude de suspensión da tramitación da RPT ata o estudo das necesidades das diferentes oficinas e se proceda por parte da Corporación á preceptiva valoración da relación dos postos de traballo.*

*Aínda que non se poidan pechar todas as cuestións expostas, considérase maior prexuízo a non aprobación da RPT porque impide a implementación de certas medidas organizativas totalmente necesarias para este Organismo.*

***- Sindicato Independiente Concello de Vigo "SICO" (documentos 240249957 e 240249958).***

*Alégานse dúas cuestións:*

*Primeira.- Equiparación das retribucións dos postos de subalterno co de alguacil notificador, de xeito que se asigne a ambos o código 149 de CE.*

*O complemento específico 149 asignouse os postos de alguacil-notificador polas funcións de notificación que realizan na rúa determinados traballadores do Concello de Vigo. Está asociado a ter carné de conducir e dispoñibilidade para utilizar vehículo propio, así como a practicar en determinadas ocasións a notificación en franxa horaria distinta a do horario normal de traballo (7:30 a 15:00).*

*De acordo co que se argumentou na alegación presentada por José María Arango Fernández (núm. 240232963), este traballador -que ocupa o posto 405.04 de Servizos Centrais- realiza de forma esporádica notificacións (cando falta o notificador habitual ou cando existe unha urxencia), polo que cabería a equiparación nominativa e retributiva cos alguacís-notificadores do citado posto 405.04 de Subalterno-ordenanza. Esta polivalencia funcional deste posto e fundamental para o correcto funcionamento desta Xerencia Municipal de Urbanismo que non pode encasillar/cualificar tanto as funcións dos postos como o ente matriz do Concello que é de moita maior dimensión.*

*Coa mesma motivación, pero en sentido negativo, non cabe a equiparación do posto 406.04 de SUBALTERNO da Oficina de Arquivo e Control, ocupado actualmente por persoal laboral. Non se lle asignan a este posto as mencionadas función de notificación.*

*Segunda.- O posto de Topógrafo é imprescindible na estrutura da Xerencia municipal de Urbanismo pola propia actividade que leva a cabo. Motivo polo que este sindicato oponse a desaparición do mesmo da proposta da modificación da RPT.*

*Esta alegación está respondida coa contestación á número 240251829, onde se dixo "efectivamente sería conveniente contar con dita praza de Técnico Superior de Urbanismo-Cartografía (en principio debía tratarse de un topógrafo), non solo polo ser traballo na unidade*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 39 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

de Cartografía, senón tamén pola necesidade reiterada de levantamentos topográficos que requiren outros servizos, especialmente o de Desenvolvemento urbanístico. Non obstante, a necesidade de contar coa debida consignación orzamentaria determinaría su materialización". A falta de topógrafo está sendo suplida co traballo, nalgún caso puntual, do topógrafo do Concello e, sobre todo, coa externalización dos levantamentos topográficos. De existir dito posto, o titular realizaría máis traballos que ditos levantamentos, no desenvolvemento das funcións da unidade de Cartografía.*

**<u>* Informe de data 06.11.2025 (trámite 112):</u>**

*"Froito da tramitación do expediente de Modificación da Relación de Postos de Traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo, tiveron entrada no Rexistro da XMU as correspondentes aos empregados públicos BELÉN GONZÁLEZ RÁMIREZ E JUAN GONZÁLEZ RAMÍREZ (docs. Nums. 240245604 e 240245720), motivo polo cal emito o seguinte informe, con arranxo aos seguitnes:*

***ANTECEDENTES***

*1º) Con data 05/07/2024 a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente a Modificación da Relación de Postos de Traballo da Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo .*

*2º.-) Durante o trámite de exposición ao público foron presentadas varias alegacións, entre elas, as dos empregados públicos da Xerencia de Urbanismo, BELÉN GONZÁLEZ RÁMIREZ E JUAN GONZÁLEZ RAMÍREZ (docs. Nums. 240245604 e 240245720), as cales pasamos a analizar a continuación.*

***FUNDAMENTOS XURÍDICOS***

*1º.-) <u>Alegación presentada por Belén González Ramírez (documento 240245604)</u>:*

*Como integrante do Servizo de Planeamento e Xestión, presenta unha alegación sobre as seguintes cuestións:*

*a) Solicítase a reorganización das tarefas encomendadas ás Técnicos de Administración Xeral e a incorporación doutro posto de TAX .*

*Tal alegato non pode ser acollido por canto a asignación de funcións entre os ditintos técnicos dun departamento é un tema organizativo interno que escapa das funcións dunha RPT, segundo a definición contida de tal instrumento no artigo 74 do Estatuto Básico do Empregado Público e no artigo 38 da Lei do Emprego Público de Galicia. A necesidade dun novo Técnico de Administración Xeral xustifícase dun xeito xeneralista que non pode ser asumida.*

*b) Solicítase o incremento do complemento específico das Arquitectas de Planeamento e Xestión en base a complexidade e dificultade técnica do traballo desenvolto (coñecemento de programas especializados) e especial dedicación en permanente colaboración con outros servizos da Xerencia e do Concello.*

*c) Solicítase incremento do complemento específico da Técnica de Medio Ambiente pola complexidade, dificultade técnica, dedicación e responsabilidade no desenvolvemento das súas funcións.*
*Os dous apartados referidos formulánse dun xeito xenérico que non pode ser acollido polo estipulado no artigo 4.2 do Real Decreto 861/1986, de 25 de abril que exixe unha valoración por parte do órgano competente de cada posto de traballo, que neste caso está encomendada*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

*externamente mediante un contrato administrativo, polo que haberá que esperar ao seu resultado.*

*d).- Incorporación dun Técnico Superior en Topografía (grupo B) para a oficina de Cartografía e que preste apoio a Planeamento-Xestión nos traballos de desenvolvemento e execución do Plan Xeral.*
*A necesidade dese Técnico non xustifícase dun xeito real, invocándose a súa necesidade de xeito xenérico.*

*2º.-) Alegación presentada por Juan González Ramírez (documento  240245720).*

*Alega o reclamante en síntese:*

*"1.- Que se incorporen cinco postos a Servizos Centrais e se estruture dito Departamento nos 4 Servizos de "Xestión orzamentaria, tributaria e Tesourería", "Contratación, Compras e Servizos Xerais", "Recursos Humanos (Persoal e organización)" e "Patrimonio, Rexistro de Solares e Vivenda".*
*2.- Que de no ser posible se realicen encomendas de xestión ó ente matriz, que garantan o desenvolvemento das funcións e competencias propias do Organismo Autónomo."*

*Sobre a necesidade de estructurar do Departamento de Servizos Centrais en catro, debemos sair ao paso de que tal cuestión non é, neste caso, competencia da Relación de Postos de Traballo, xa que logo, o artigo 16.2 dos Estatutos da Xerencia de Urbanismo indica que "A Xerencia organizarase administrativamente segundo o disposto no seu regulamento de réxime interior", motivo polo cal sería o regulamento en cuestión o camiño axeitado para estruturar os distintos servizos administrativos propostos, e unha vez creados, se fora o caso, valorar a carga de traballo existente en cada un, para determinar o incremento de persoal solicitado.*

*CONCLUSIÓN*
*De conformidade cos antecedentes e fundamentos transcritos, infórmanse desfavorablemente as alegacións formuladas polos alegantes, BELÉN GONZÁLEZ RÁMIREZ E JUAN GONZÁLEZ RAMÍREZ (docs. Nums. 240245604 e 240245720)."*

### *I.3.- Modificacións a introducir no documento de aprobación inicial.*

Vistos ditos informes, modifícase o documento de aprobación inicial nos seguintes extremos:

1) As titulacións de acceso ó posto 403.01 "Xefa/e de Información Urbanística", amplíase a efectos de permitir unha maior concorrencia, non podendo restrinxirse ós delineantes (código de titulación novo: 3).

2) O posto 403.02, denominado "Inspector Urbanismo" en Información Urbanística, pasa a denominarse "Técnico Auxiliar de Información", mantense en Administración Especial, subgrupo C1, pero ábrese a que poda ser provista por funcionarios que non teñan praza de inspector.

3) O posto 421.06 deberá denominarse "Arquitecto técnico de grado" e a titulación requirida "Grado en Arquitectura técnica ou titulación de grado equivalente" (clave de titulación 105).



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 41 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

4) Todos os postos de “Arquitecto” terá como titulación requirida a 75 (Arquitecto grado e máster ou equivalente), incluídos os postos 421.03 e 423.04.

5) O posto 406.04 pasa a figurar como situación (SIT) a clave P (adscrición provisional) en lugar de T (adscrición permanente).

6) As primeiras claves de titulacións quedan especificadas así:

Tit. 1: Título universitario oficial de grao ou equivalente (subgrupo A1).
Tit. 2: Título universitario oficial de grao ou equivalente (subgrupo A2).
Tit. 3: Bacharelato ou Técnico (subgrupo C1).
Tit. 4: Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria (subgrupo C2).
Tti. 5: Agrupacións profesionais sen titulación específica (certificado escolaridade, no seu caso).

7) O titulación co código 75 queda especificada: Arquitecta/o con grado e máster ou equivalente.

8) A titulación co código 105 queda especificada: Grado en Arquitectura Técnica ou titulación de grado equivalente.

En relación co posto 405.04, denominado “Persoal subalterno-ordenanza”, aínda que podería incorporar a denominación e función de notificación, dada a súa implicación retributiva, aprazada ó resultado da avaliación global externalizada, non se modifica nesta proposta os elementos do citado posto.

**II.- Fundamentación de feito e de dereito.**

***II.1.- Competencia do Organismo Autónomo.***

En relación coa regulación dos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (aprobados polo Pleno de 6.09.2010 e publicados no BOP de 6.10.2010), o seu artigo décimo cuarto expresa que este Organismo Autónomo dispón dos seguintes efectivos:

a) Persoal funcionario de carreira do Concello de Vigo en réxime de adscrición.

b) Persoal funcionario de carreira propio do organismo autónomo.

c) Con carácter excepcional, persoal laboral fixo ou temporal

O artigo segundo dos citados Estatutos, no seu apartado 2º, determina que “*para o cumprimento das súas finalidades, goza de personalidade xurídica pública propia, capacidade xurídica, con patrimonio e tesourería propios, así como autonomía de xestión.”*

O apartado 3º deste artigo segundo dos Estatutos expresa que *“na súa calidade de administración pública, dentro da esfera das súas competencias e de conformidade co disposto no artigo 6 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, a Xerencia Municipal de Urbanismo ten*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

*as potestades administrativas propias seguintes*", entre elas: "*a) Potestade de auto-organización".*

***II.2.- Órgano competente de aprobación.***

O artigo terceiro, punto 8, dos Estatutos da Xerencia atribúe ó Concello a aprobación da relación de postos de traballo, que desde de acordo co artigo 127.1.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local, é competencia da Xunta de Goberno Local.

O artigo décimo, punto 1, dos propios Estatutos da Xerencia establecen que *"correspóndelle ó Consello da Xerencia elevar ó Pleno ou á Xunta de Goberno Local propostas de resolución das seguintes materias: …f) Proposta de aprobación…da relación de postos de traballo do organismo autónomo,...".*

***II.3.- Contido e tramitación.***

O artigo 74 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aprobou a Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (BOE nº 261 de 31.10.2015), establece que *"as Administracións Públicas estruturarán a súa organización a través de relacións de postos traballo ou outros instrumentos organizativos similares que comprenderán, polo menos, a denominación dos postos, os grupos de clasificación profesional, os corpos e escalas, no seu caso, a que estean adscritos, os sistemas de provisión e as retribucións complementarias. Ditos instrumentos serán públicos".*

O artigo 202 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG nº 82 de 04.05.2015 e BOE nº 123 de 23.05.2015), dentro do seu título X adicado a *"especialidades do persoal ó servizo das entidades locais"*, expresa:

*1. As entidades locais deberán elaborar unha relación de postos de traballo que conteña todos os postos de traballo existentes nas mesmas.*

*2. A relación de postos de traballo, previo cumprimento dos trámites preceptivos que correspondan, será aprobada inicialmente polo órgano da entidade local que resulte competente segundo o establecido pola lexislación de réxime local e sometida a información pública por un prazo non inferior a vinte días. Transcorrido dito prazo, a aprobación elevarase a definitiva se non se formularon reclamacións, suxestións ou alegacións. En caso contrario, a relación de postos de traballo deberá ser obxecto de aprobación definitiva, previa resolución das reclamacións, suxestións ou alegacións presentadas.*

*3. Unha vez aprobada definitivamente, da relación de postos de traballo remitirase copia ós órganos competentes da Administración xeral do Estado e da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia dentro do prazo de trinta días, e será publicada integramente no boletín oficial da provincia.*

**III.- Proposta.**

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

En consecuencia co antedito, debendo ser previamente obxecto de informe de fiscalización pola Intervención, proponse ó Consello da Xerencia que eleve a seguinte proposta de acordo á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Dar por resoltas as reclamacións, suxestións e alegacións presentadas e aprobar definitivamente a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, de conformidade co catálogo de postos que se achega como ANEXO e recollendo as modificacións descritas no apartado I deste informe-proposta.

Segundo.- Dispoñer a súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, en cumprimento do previsto no artigo 202 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Reaxuste de anualidades da prórroga do contrato de “Servizos de formación para o emprego”. Lote XII. Expte. 21377/77.

.- Reaxuste de anualidades da prórroga do contrato de “Servizos de formación para o emprego”. Lotes VIII, IX e X. Expte. 21282/77.

.- Reaxuste de anualidades da prórroga do contrato de “Servizos de formación para o emprego”. Lote XI. Expte. 21285/77.

.- Reaxuste de anualidades do contrato de servizos de portería, control de acceso e información ao público nos Centros municipais de Distrito. Expte. 3891/321.

.- Reaxuste de anualidades do contrato do servizo de información cidadá a través do teléfono 010. Eexpte. 3884/321.

.- Disposición de gastos dos premios do circuito de carreiras RUNRUNVIGO 2025. Expte. 24360/333.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

.- Proxecto de convenio de colaboración coa “Asociación Discamino de Santiago” para participación na “Cabalgata de Reis 2026”. Expte. 10566/335.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) os membros da Xunta de Goberno Local presentes manifestan non estar incursos en causa de incompatibilidade ni conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**11(981).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE “SERVIZOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO”. LOTE XII. EXPTE. 21377/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/12/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

**ANTECEDENTES**



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 45 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 12 de abril de 2024, adoptou o seguinte acordo:

*"Adxudicar a NORFORMACIÓN, S.L. o LOTE XII do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (19756-77) coas seguintes condicións:*

*a) O prezo total do contrato é de 9.000,00 euros (IVE exento).*

*b) Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP para o LOTE 12: 22,50 %*

*c) Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas (marcar unha das seguintes opcións se é o caso): De 201 a 400 horas.*

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

Con data 09/05/2024, a Concelleira delegada de Contratación asinou o contrato do Lote XII: CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL co representante da entidade mercantil NORFORMACIÓN, S.L..

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedando exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé unha (1) prórroga de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo de duración do contrato é de 1 ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, prevéndose 1 prórroga de un ano de duración.

O contrato foi formalizado con data 09/05/2024 iniciándose a súa execución ao día seguinte (10/05/2024), polo que, o seu prazo finalizó o 09/05/2025.

De acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, considerase preciso dar inicio ao expediente para efectuar a prórroga de un (1) ano do contrato, durante o período comprendido entre o 10/05/2025 – 09/05/2026.

A través da notificación co número de saída 6204-2025-1, recibida o 20/01/2025, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato.

**II.** Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 31 de marzo de 2025, adoptou o seguinte acordo, PRÓRROGA DO CONTRATO DO SERVIZO DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO (LOTE XII) EXPTE. 21377/77.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

- Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato de servizo de Formación para o Emprego (Lote XII *CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL*) (expte. 19756/77) adxudicado a NORFORMACIÓN, SL (B36343218) por acordo de Xunta de Goberno Local do 12 de abril de 2024, para o período comprendido entre 10/05/2025 – 09/05/2026, polo importe de 9.000,00 €, e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2279913 "FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO", manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato.

- Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 9.000,00 €.

- Aprobar o gasto do exercicio corrente 2025 por importe de 5.782,26 €, e asumir o compromiso de incluír nos orzamentos do exercicios futuros o crédito necesario para facer fronte ao gasto de 3.217,74 € no exercicio 2026.

A día de hoxe, quedan edicións dos lotes formativos por executar, e ante a previsión de que gran parte deles sexan impartidas no marco dos programas de emprego do Concello de Vigo no ano 2026 de acordo á planificación da formación do Plan Municipal de Emprego 2025 acordada cas entidades de formación adxudicatarias, proponse a presente aprobación do axuste de anualidades do crédito para axustar ás necesidades reais.

| LOTE | | DATA INICIO PRORROGA CONTRATO | IMPORTE ADXUDICACIÓN | CRÉDITO CONSUMIDO 2025 | CRÉDITO DISPOÑIBLE |
|---|---|---|---|---|---|
| Lote XII | CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL | 10/05/2025 | 5.782,26 € | 3.441,00 € | 2.341,26 € |
| **Total** | | | **5.782,26 €** | **3.441,00 €** | **2.341,26 €** |

* Consta no expediente AD FUT (Nº de doc. 12025000035629) de data 09/04/2025 con reserva de crédito para o Lote XII con importe de 3.217,74 € para o ano 2025, que sumados aos 2.341,26 € que se solicitan incrementar, sumarían un crédito total de **5.559,00 €** para o Lote XII con cargo ao ano 2026.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Axuste de anualidades:**

En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede axustar as anualidades establecidas no exp. 19756/77 ás necesidades reais.

**II. Órgano competente**:

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

A competencia para aprobar o presente acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expostos e previo o informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o axuste de anualidades do crédito quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

| Lote | | ANUALIDADE 2025 | ANUALIDADE 2026 |
|---|---|---|---|
| Lote XII | Lote XII CURSO DE SENSIBILIZACIÓN AMBIENTAL | 3.441,00 € | 2.341,26 |
| | **Total modificadas anualidades** | **3.441,00 €** | **2.341,26 €** |

**Segundo.-** Minorar en **2.341,26 €** o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2025, quedando a anualidade do 2025 cun crédito de 3.441,00 €.

Incrementar en **2.341,26 €** o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2026.

**Terceiro**.- Dar traslado do presente acordo ás entidades adxudicatarias interesadas.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(982).- REAXUSTE DE ANUALIDADES PRÓRROGA DO CONTRATO DE "SERVIZOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO". LOTES VIII, IX e X. EXPTE. 21282/77.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/12/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

**ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*"Adxudicar os seguintes lotes do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (expediente 19.756-77):*

*a.a O lote VIII a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 4.998,00 € (IVE exento), coas seguintes condicións:*
*➢ Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 11,00 %.*
*➢ Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de máis de 1.000 horas.*

*a.b O lote IX a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 14.280,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:*
*➢ Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 11,00 %.*
*➢ Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no*



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 49 de 80 |
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

*seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 601 a 800 horas.*

*a.c O lote X a NORFORMACIÓN, S.L., por un prezo de 9.000,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:*
*➢ Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 22,50 %.*
*➢ Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 601 a 800 horas.*
*(...)*
*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

Con data 08/02/2024, a Concelleira delegada de Contratación asinou os contratos de cada un dos lotes co representante da entidade mercantil NORFORMACIÓN, S.L..

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP estes contratos poderán ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé unha (1) prórroga de un (1) ano de duración e a cláusula catro dos contratos dispón que o prazo de duración do contrato é de 1 ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, prevéndose 1 prórroga de un ano de duración.

O contratos foron formalizados con data 08/02/2024 iniciándose a súa execución ao día seguinte (09/02/2024), polo que, o seu prazo finalizará o 08/02/2025.

De acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, iníciouse o presente expediente para a prórroga de un (1) ano do contrato, durante o período comprendido entre o 09/02/2025 – 08/02/2026.

**II.** Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2025, adoptou o seguinte acordo, PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE DE EMPREGO: LOTES 8, 9 E 10. EXPTE. 21282/77

- Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato de servizo servizo de Formación para o Emprego (Lotes, VIII, IX e X) (expte. 19756/77) adxudicado a NORFORMACIÓN, S.L. (B36343218) por acordo de Xunta de Goberno Local do 29 de decembro de 2023, para

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

o período comprendido entre 09/02/2025 – 08/02/2026, polos seguintes importes (IVE exento):

- Lote VIII *PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE XARDÍNS (PAISAXISMO); PODAS ORNAMENTAIS E PODAS FORESTAIS:* 4.998,00 €
- Lote IX A*PLICADOR DE PRODUTOS FITO-SANITARIOS E BIOCIDAS; TRATAMENTO DE RESTOS E RESIDUOS FORESTAIS E VEXETAIS, RECICLAXE;* e *TRATAMENTO E ERRADICACIÓN DE ESPECIES INVASORAS:* 14.280,00 €
- Lote X *CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES:* 9.000,00 €

que se imputarán á aplicación orzamentaria 2410 2279913 "FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO", manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato e distribuidos nas seguintes anualidades:

| LOTE | Exercicio | Importe |
|---|---|---|
| VIII | 2025 | 4.450,27 € |
| | 2026 | 547,73 € |
| IX | 2025 | 12.715,07 € |
| | 2026 | 1.564,93 € |
| X | 2025 | 8.013,70 € |
| | 2026 | 986,30 € |

A día de hoxe, quedan edicións dos lotes formativos por executar, e ante a previsión de que gran parte deles sexan impartidas no marco dos programas de emprego do Concello de Vigo no ano 2026 de acordo á planificación da formación do Plan Municipal de Emprego 2025 acordada cas entidades de formación adxudicatarias, proponse a presente aprobación do axuste de anualidades do crédito para axustar ás necesidades reais.

| LOTE | | DATA INICIO PRORROGA CONTRATO | IMPORTE ADXUDICACIÓN | CRÉDITO CONSUMIDO 2025 | CRÉDITO DISPOÑIBLE |
|---|---|---|---|---|---|
| Lote VIII | FORMACIÓN EN XARDINERÍA | 09/02/2025 | 4.450,27 € | 0 € | * 4.450,27 € |
| Lote IX | TRATAMENTO DO MEDIO | 09/02/2025 | 12.715,07 € | 0 € | * **12.715,07** € |
| Lote X | CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES | 09/02/2025 | 8.013,70 € | 3.441,00 € | * 4.572,70 € |

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado


Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Total | 25.179,04 € | 3.441,00 € | 21.738,04 € |
|---|---|---|---|

* Consta no expediente ADs FUT, de data 31/01/2025 con reserva de crédito para: **Lote VIII** con importe de 547,73 € para o ano 2026, que sumados aos 4.450,27 € que se solicitan incrementar, sumarían un crédito total de **4.998,00 €**. Para o **Lote IX** con importe de 1.564,93 € para o ano 2026, que sumados aos 12.715,07 € que se solicitan incrementar, sumarian un crédito total de **14.280,00 €**. Para o **Lote X** con importe 986,30 € para o ano 2026, que sumados aos 4.572,70 € que se solicitan incrementar, sumarian un crédito total de **5.559,00 €**, cargo ao ano 2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Axuste de anualidades:

En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede axustar as anualidades establecidas no exp. 19756/77 ás necesidades reais.

### II. Órgano competente:

A competencia para aprobar o presente acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expostos e previo o informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

## PROPOSTA:

**Primeiro.-** Aprobar o axuste de anualidades do crédito quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

| Lote | | ANUALIDADE 2025 | ANUALIDADE 2026 |
|---|---|---|---|
| Lote VIII | PLANIFICACIÓN E DESEÑO DE XARDÍNS (PAISAXISMO); PODAS ORNAMENTAIS E PODAS FORESTAIS: | 4.450,27 € | 4.450,27 € |
| Lote IX | APLICADOR DE PRODUTOS FITO-SANITARIOS E BIOCIDAS;TRATAMENTO DE RESTOS E RESIDUOS FORESTAIS E VEXETAIS, RECICLAXE; e TRATAMENTO E ERRADICACIÓN DE ESPECIES INVASORAS: | 12.715,07 € | 12.715,07 € |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | | | |
|---|---|---|---|
| Lote X | Lote X CURSO DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES | 8.013,70 € | 4.572,70 € |
| | **Total modificadas anualidades** | **25.179,04 €** | **21.738,04 €** |

**Segundo.-** Minorar en **21.738,04** € o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2025, quedando a anualidade do 2025 cun crédito de 25.179,04 €.

Incrementar en **21.738,04 €** o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2026.

**Terceiro**.- Dar traslado do presente acordo ás entidades adxudicatarias interesadas.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**13(983).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DA PRÓRROGA DO CONTRATO DE "SERVIZOS DE FORMACIÓN PARA O EMPREGO". LOTE XI. EXPTE. 21285/77.**
A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización de data 22/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/12/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 53 de 80
2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

**ANTECEDENTES**

I. A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 29 de decembro de 2023, adoptou o seguinte acordo:

*“Adxudicar os seguintes lotes do procedemento aberto para a contratación dos servizos de formación para o emprego (expediente 19.756-77):*
*(...)*
*a.d O Lote XI a SARARTE, S.L., por un prezo de 12.000,00 (IVE exento), coas seguintes condicións:*
*➢ Propón como porcentaxe de desconto a aplicar ao prezo unitario previsto no apartado 3.G do Anexo I -FEC- do PCAP do 28,10 %.*
*➢ Aporta unha experiencia acreditable do persoal docente na impartición de cursos ou módulos do catálogo da formación profesional para o emprego da familia profesional e, no seu caso, área profesional relacionada coa acción formativa a impartir, atendendo ao número de horas impartidas de 401 a 600 horas.*
*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.”*

Con data 05/02/2024, a Concelleira delegada de Contratación asinou o contrato co representante da entidade mercantil SARARTE, S.L..

Segundo o disposto no apartado 7.3 do PCAP este contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C das FEC, que será obrigatoria para o adxudicatario, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O apartado 4.C das FEC prevé unha (1) prórroga de un (1) ano de duración e a cláusula catro do contrato dispón que o prazo de duración do contrato é de 1 ano, contado a partir do día seguinte ao da sinatura do mesmo pola Concelleira delegada de Contratación, prevéndose 1 prórroga de un ano de duración.

O contrato foi formalizado con data 05/02/2024 iniciándose a súa execución ao día seguinte (06/02/2024), polo que, o seu prazo finalizou o 05/02/2025.

De acordo co disposto no artigo 29.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e conforme á previsión contida nos pregos e demais documentación do contrato, iníciase o presente expediente para a prórroga de un (1) ano do contrato, durante o período comprendido entre o 06/02/2025 – 05/02/2026.

A través da notificación co número de saída 164941-2024-1, recibida o 05/11/2024, se comunicou á adxudicataria o preaviso da prórroga do contrato.

**II.** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 17 de xaneiro de 2025, adoptou o seguinte acordo, PRÓRROGA DO CONTRATO DE SERVIZOS DE

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

FORMACIÓN DOS PROGRAMAS DE EMPREGO: LOTE 11. EXPTE. 21285/77

- Autoriza-la prórroga de UN ANO do contrato de servizo servizo de Formación para o Emprego (Lote XI *CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL*) (expte. 19756/77) adxudicado a SARARTE, SL (B70223599) por acordo de Xunta de Goberno Local do 29 de decembro de 2023, para o período comprendido entre 06/02/2025 – 05/02/2026, polo importe de 12.000,00 €, e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2279913 "FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO", manténdose inalterables, no período de prórroga, as características do contrato.

- Autorizar e comprometer o gasto da prórroga do contrato, de acordo co disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo importe total de 12.000,00 €, dos que 10.816.44 € € corresponden ao ano 2025 e 1.183,56 ao ano 2026, e se imputará á aplicación orzamentaria 2410 2279913 "FORMACIÓN PROGRAMAS DE EMPREGO"

A día de hoxe, quedan edicións dos lotes formativos por executar, e ante a previsión de que gran parte deles sexan impartidas no marco dos programas de emprego do Concello de Vigo no ano 2026 de acordo á planificación da formación do Plan Municipal de Emprego 2025 acordada cas entidades de formación adxudicatarias, proponse a presente aprobación do axuste de anualidades do crédito para axustar ás necesidades reais.

| LOTE | | DATA INICIO PRORROGA CONTRATO | IMPORTE ADXUDICACIÓN | CRÉDITO CONSUMIDO 2025 | CRÉDITO DISPOÑIBLE |
|---|---|---|---|---|---|
| Lote XI | CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL | 06/02/2025 | 10.816,44 € | 4.197,50 € | 6.618,94 € |
| **Total** | | | **10.816,44 €** | **4.197,50 €** | **6.618,94 €** |

***** Consta no expediente AD FUT (Nº de doc.12025000007789 ) de data 25/01/2025 con reserva de crédito para o Lote XI con importe de 1.183,56 € para o ano 2026, que sumados aos 6.618,94 € que se solicitan incrementar, sumarían un crédito total de **7.802,50 €** para o Lote XI con cargo ao ano 2026.

## FUNDAMENTOS DE DEREITO

### I. Axuste de anualidades:

En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede axustar as anualidades establecidas no exp. 19756/77 ás necesidades reais.

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

**II. Órgano competente**:

A competencia para aprobar o presente acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expostos e previo o informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o axuste de anualidades do crédito quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

| Lote | | ANUALIDADE 2025 | ANUALIDADE 2026 |
|---|---|---|---|
| Lote XI | CURSO DE TRAMITACIÓN E ADMINISTRACIÓN DIXITAL | **4.197,50 €** | **6.618,94 €** |
| | **Total modificadas anualidades** | **20.952,51 €** | **9.276,57 €** |

**Segundo.-** Minorar en **6.618,94** € o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2025, quedando a anualidade do 2025 cun crédito de 4.197,50 €.

Incrementar en **6.618,94 €** o crédito disposto do gasto da anualidade correspondente para o ano 2026.

**Terceiro**.- Dar traslado do presente acordo ás entidades adxudicatarias interesadas.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(984).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO. EXPTE. 3891/321.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

Visto o informe de fiscalización do 22/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 17/12/2025, asinado pola xefa de Participación cidadá e Desenvolvemento local e conformado polo concelleiro-delegado e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

**ANTECEDENTES**

**I.** Os Centros Municipais de Distrito (CMD), dependentes do servizo de Participación Cidadá, son instalacións municipais nos que a veciñanza se pode reunir e realizar actividades formativas, culturais e lúdicas.

Nos Centros Municipais de Distrito están ubicadas as Oficinas Municipais de Distritos (OMD) e os Centros Municipais de Internet. Todos os CMD dispoñen de servizo de préstamo de libros, ao que se pode acceder solicitando un carnet, que, ademáis de ser gratuíto, non necesita renovación, é válido para todos os Centros Municipais e permite o acceso libre a internet.

Os CMD contan con espazos comúns de uso público gratuíto adicados á lectura, o estudo, a formación así como tamén salas de reunións para colectivos e asociacións e outras instalacións nas que a veciñanza pode reunirse, realizar actividades formativas, culturais e lúdicas.
Ademais do anterior, o Centro Municipal de Distrito do Casco Vello adica unha parte a sede para diversas asociacións, e o Centro Municipal de Distrito de Teis dispón de auditorio e pavillón de deportes.

**II.** A Concellería de Participación Cidadá e Distritos, adscrita á concellería da área de Goberno de Política Social e Participación Cidadá, é a responsable dos Centros municipais de Distrito, os cales xogan un papel fundamental no fomento do asociacionismo e da participación da cidadanía na vida pública local, garantindo o dereito da veciñanza a utilizar os servizos públicos municipais



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 57 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

previsto no artigo 18.1.c) da Lei de Bases de Réxime Local (LRBRL), facilitando a máis amplia información sobre a súa actividade a tenor do disposto no artigo 69 LRBRL e cumprindo coa obriga que o artigo 25.2 apartados l), m) e ñ) da mesma impón aos municipios sobre a prestación de competencias propias en materia de actividades, instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre e turismo.

Así mesmo, o apartado 3º do artigo 70 bis LRBRL dispón que as Entidades Locais e, especialmente, os concellos, deberán impulsar a utilización interactiva das tecnoloxías da información e a comunicación para facilitar a participación e a comunicación ca veciñanza, para a presentación de documentos e para a realización de trámites administrativos, de enquisas e, no seu caso, de consultas cidadás; debendo facilitar a máis amplia información ás asociacións constituídas para a defensa dos intereses xerais e sectoriais da veciñanza – segundo o mandato contido no art. 72 LRBRL - e, dentro das súas posibilidades, favorecer o uso dos medios públicos para a realización das súas actividades.

Coa finalidade de garantir a prestación de servizos e actividades que se desenvolven nos Centros Municipais de Distrito como lugares de encontro e referencia da cidadanía para fomentar a participación activa da veciñanza, o Concello de Vigo, acordou mediante Xunta de Goberno Local de 13 de setembro de 2024 a tramitación dun contrato de servizos, por procedemento aberto para a contratación dos SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO (expte. 3891-321).

**III.** A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria do 21 de febreiro de 2025, acordou a*dxudicar a COMBINA SOCIAL, SL o procedemento aberto para a contratación de servizos de de portería, control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito (3891-321) por un prezo total do contrato de 341.548,24 €, sendo a cota correspondente ao IVE de 59.276,97 euros e coas seguintes condicións:*

a) *O prezo da parte fixa do contrato é de 312.493,71 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 54.234,45 euros.*
b) *A porcentaxe de desconto a aplicar aos prezos unitarios da parte variable do apartado 3.G da FEC é do 27%.*
c) *Comprométese a realizar campañas de difusión e fomento da participación cidadá activa:*
    - *Campañas en medios offline (radio, televisión ou prensa local) para dar a coñecer as instalacións dos CMD e as actividades que desenvolven, atendendo á súa periodicidade:*
        - *Mensuais.*
    - *Campañas en medios online (Facebook ADS, Twitter ou YouTube...) para dar a coñecer as instalacións dos CMD e as actividades que desenvolven, atendendo á súa periodicidade:*
        - *Semanais.*
    - *Catro (4) xornadas informativas organizadas anualmente de xeito presencial dirixidas aos colectivos e asociacións da cidade para dar a coñecer e fomentar a participación activa nos Centros Municipais de Distrito.*
    - *Catro (4) xornadas informativas organizadas anualmente de xeito presencial dirixidas aos centros educativos da cidade para dar a coñecer e fomentar a participación activa nos Centros Municipais de Distrito.*

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

*Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada".*

**IV.** O prazo do contrato de SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO é de 2 anos (prevéndose dúas (2) prórrogas de un (1) ano de duración cada unha). Formalizándose dito contrato o pasado día 18 de marzo de 2025, dando lugar ao seu inicio o mesmo día 18 de marzo.

**V.** O contrato adxudicouse por un prezo total de 341.548,23 € IVE engadido (correspondendo 312.493,71 €, IVE engadido, á parte fixa do contrato e 29.054,52 €, IVE engadido, á parte variable), repartíndose segundo o informe de anualidades emitido o día do 27/03/2025 pola xefa de Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local segundo se indican nas seguintes táboas:

**Parte fixa do contrato**

| **Ano 2025** | **Importe** |
|---|---|
| 18 de Marzo - Decembro | 123.065,40 € |
| **Ano 2026** | |
| Xaneiro - Decembro | 156.246,86 € |
| **Ano 2027** | |
| Xaneiro – 17 de Marzo | 33.181,45 € |
| **TOTAL PARTE FIXA** | **312.493,71 €** |

**Parte variable do contrato**

| **Ano 2025** | **Importe** |
|---|---|
| 18 de Marzo - Decembro | 11.442,17 € |
| **Ano 2026** | |
| Xaneiro - Decembro | 14.527,26 € |
| **Ano 2027** | |
| Xaneiro – 17 de Marzo | 3.085,09 € |
| **TOTAL PARTE VARIABLE** | **29.054,52 €** |

**VI.** O 8 de maio de 2025 a concelleira de Área de Goberno de Contratación resolve a apertura dun expediente de modificación do contrato (3896-321), previo informe de necesidade emitido pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, conformado polo concelleiro delegado de Participación Cidadá e Distritos e da quinta tenente de alcalde e concelleira de área de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas, emitido o día 7/05/2025, no cal se recolle a necesidade de modificación con motivo da apertura do novo



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 59 de 80
2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Centro Municipal de Distrito do Pazo da Raposeira, o que supón un incremento respecto da estimación da prestación de servizos fixos durante o horario de apertura dos Centros Municipais de Distrito, e sendo este un suposto de modificación prevista, comprendida no apartado 15C do Anexo I -FEC- do PCAP ("*necesidade de apertura de novos Centros Municipais de Distrito que demande a veciñanza noutros barrios da cidade, que deban incluirse no presente contrato*").

**VII.** A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 23 de maio de 2025, acordou a modificación do contrato de "Servizos de Portería, Control de acceso e información ao público nos Centros Municipais de Distrito (3891-321)" mediante un incremento da parte fixa do contrato de 44.344,00 euros (IVE incluído) con cargo á aplicación orzamentaria 9240.2279904 "AT. AO PÚBLICO EN OFICINAS DESCENTRALIZADAS", quedando dito incremento coa seguinte distribución de anualidades:

| Ano | Importe IVE incluido |
|---|---|
| Ano 2025 (do 02.06.25 ao 31.12.25) | 14.437,58 euros |
| Ano 2026 | 24.750,14 euros |
| Ano 2027 (do 01.01.27 ao 17.03.27) | 5.156,28 euros |
| Total | 44.344,00 euros |

**VI.** Dende o inicio do contrato ata o mes de novembro consumiuse da parte variable do contrato un crédito total de 2.956,08 €, dispoñendo para o período restante da presente anualidade 2025 dun crédito de 8.486,09 €

**VII.** A previsión que realiza o Servizo de Participación Cidadá en base ás actividades programadas nos Centros Municipais de Distrito para o presente mes de decembro é de que, como máximo, se consuman 1.500,00 € do crédito da parte variable correspondente á anualidade 2025.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Axuste de anualidades:**

En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede axustar as anualidades establecidas no exp. 3891-321 ás necesidades reais.

**II. Órgano competente**:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

A competencia para aprobar o presente acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expostos e previo o informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o axuste de anualidades do crédito da parte variable do contrato de SERVIZOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS MUNICIPAIS DE DISTRITO, quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

**Parte variable do contrato**

| **Ano 2025** | **Importe** |
|---|---|
| 18 de Marzo - Decembro | 4.456,08 € |
| **Ano 2026** | |
| Xaneiro - Decembro | 21.513,35 € |
| **Ano 2027** | |
| Xaneiro – 17 de Marzo | 3.085,09 € |
| **TOTAL PARTE VARIABLE** | **29.054,52 €** |

**Segundo.- Minorar** en **6.986,09 €** o crédito disposto da parte variable do gasto da anualidade correspondente para o ano **2025**, quedando a parte variable da anualidade do 2025 cun crédito de 1.500,00 €, tras ser consumidos ata o momento 2.956,08 €.

**Terceiro.- Incrementar** en **6.986,09 €** o crédito disposto da parte variable do gasto da anualidade correspondente para o ano **2026**, quedando a parte variable da anualidade do 2026 cun crédito de 21.513,35 €.

**Cuarto**.- Dar traslado do presente acordo ás entidades adxudicatarias interesadas.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

**15(985).- REAXUSTE DE ANUALIDADES DO CONTRATO DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010. EXPTE. 3884/321.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 22/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 18/12/2025, asinado pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento local e conformado pola concelleira delegada e pola concelleira da Área de Goberno, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, aprobado mediante Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, (RGLCAP), en todo o que non se opoña a LCSP.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local e pola Lei 27/2013 de 27 de decembro de racionalización e sostibilidade da Administración Local.

**ANTECEDENTES**

**I.** A concellería delegada de Atención á Cidadanía, coa finalidade de garantir un servizo de atención e información telefónica, telemática e de xestión de queixas e suxestións polos distintos canais que o Concello de Vigo ofrece á cidadanía, mediante resolución da concelleira delegada da área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal en funcións, decide o 8 de xuño de 2023 ordenar dar inicio ao expediente de contratación do servizo de INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010 (3884-321).

**II.** O Concello de Vigo está plenamente comprometido ca construción dunha sociedade avanzada do benestar, accesible e inclusiva, sendo a accesibilidade da información e os servizos de información cidadá un dos factores clave para evitar a brecha dixital, polo que se toma a decisión de incluír nas prestacións obxecto do presente contrato un servizo de vídeo-interpretación en lingua de signos para mellorar a accesibilidade das persoas con discapacidade auditiva.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

**III.** Na sesión ordinaria do 3 de novembro de 2023, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar o expediente de contratación (3884/321) por procedemento aberto de tramitación ordinaria do servizo de INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010, o cal contaría con un importe máximo de 1.269.573,21 €, sendo o importe correspondente ó IVE a soportar pola Administración de 215.653,20 € con cargo á aplicación orzamentaria 9204 2279901 "Teleoperadoras, 010 e envío de mensaxes", e subordinándose a autorización do gasto á existencia de crédito que para cada exercicio autoricen os respectivos orzamentos, asumindo o compromiso da súa inclusión nos exercicios futuros, conforme ao artigo 174 do TRLFL , do xeito seguinte:

- 387.925,15 € correspondentes ao ano 2024.
- 423.191,07 € correspondentes ao ano 2025.
- 423.191,07 € correspondentes ao ano 2026
- 35.265,92 correspondentes ao ano 2027

**IV.** Unha vez levado a cabo o procedemento de licitación legalmente establecido, a Xunta de Goberno Local acordou na sesión extraordinaria e urxente do 30 de xaneiro de 2024 a adxudicación do contrato de SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010 (expte. 3884/321) á empresa PROSEGUR AVOS ESPAÑA, S.L. por un prazo de tres anos, comprendendo este contrato dende o 20/03/2024 ata o 19/03/2027, coas seguintes condicións económicas:

- O prezo total do contrato é de 1.109.196,33 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 187.819,20 euros.
- A parte fixa do contrato é de 959.497,39 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 161.838,39 euros (dos que 27.000,00 euros se corresponden co servizo de videointerpretación de linguaxe de signos para persoas xordas – exento de IVE).
- A parte variable do contrato é de 149.698,95 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 25.980,81 euros.
- Propón unha porcentaxe de desconto do 20 % a aplicar sobre os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

**V.** Segundo o informe emitido pola xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local o día 2 de abril de 2024, en vista da rebaixa ofertada pola empresa adxudicataria (*unha porcentaxe de desconto do 20 % a aplicar sobre os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I - FEC- do PCAP*) as anualidades previstas con cargo a aplicación orzamentaria 9204 2279901 "Teleoperadoras, 010 e envío de mensaxes" en relación a este contrato deberán ser distribuídas do xeito en que se indica nas seguintes táboas:

· **Parte fixa do contrato**: 959.497,39 €

| **Ano 2024** | | **Importe** |
|---|---|---|
| Marzo | 9.772,66 € | 249.647,01 € |
| Abril-decembro | 239.874,35 € | |
| **Ano 2025** | | |
| xaneiro-decembro | 319.832,46 € | 319.832,46 € |

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 63 de 80 |
|---|---|---|
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

| Ano 2026 | | |
|---|---|---|
| xaneiro-decembro | 319.832,46 € | 319.832,46 € |
| **Ano 2027** | | |
| xaneiro-febreiro | 53.305,41 € | 70.185,46 € |
| marzo | 16.880,05 € | |
| | **TOTAL CONTRATO** | **959.497,39 €** |

· **Parte variable do contrato**: 149.698,95 €

| Ano 2024 | | Importe |
|---|---|---|
| Marzo | 1.524,71 € | 38.949,45 € |
| Abril-decembro | 37,424,74 € | |
| **Ano 2025** | | |
| xaneiro-decembro | 49.899,65 € | 49.899,65 € |
| **Ano 2026** | | |
| xaneiro-decembro | 49.899,65 € | 49.899,65 € |
| **Ano 2027** | | |
| xaneiro-febreiro | 8.316,61 € | 10.950,20 € |
| marzo | 2.633,59 € | |
| | **TOTAL CONTRATO** | **149.698,95 €** |

**VI.** Durante a anualidade do ano 2025 non se consumiu crédito da parte variable do contrato, dispoñendo para o período restante da presente anualidade 2025 de todo o crédito (49.899,65€).

**VII.** A previsión que realiza a concellería de Atención á Cidadanía para o presente mes de decembro de 2025 é de que non se consuma crédito do dispoñible para a parte variable da anualidade 2025.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

**I. Axuste de anualidades:**

En virtude do artigo 96 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, procede axustar as anualidades establecidas no exp. 3884-321 ás necesidades reais.

**II. Órgano competente**:

A competencia para aprobar o presente acordo correspóndelle á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

De acordo cos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expostos e previo o informe da Intervención Xeral, proponse á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

**PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o axuste de anualidades do crédito da parte variable do contrato de SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ A TRAVÉS DO TELÉFONO 010, quedando o contrato de acordo coa seguinte distribución de anualidades:

**Parte variable do contrato**

| **Ano 2024** | | **Importe** |
|---|---|---|
| Marzo | 1.524,71 € | 38.949,45 € |
| Abril-decembro | 37,424,74 € | |
| **Ano 2025** | | |
| xaneiro-decembro | 0,00 € | 0,00 € |
| **Ano 2026** | | |
| xaneiro-decembro | 99.799,30 € | 99.799,30 € |
| **Ano 2027** | | |
| xaneiro-febreiro | 8.316,61 € | 10.950,20 € |
| marzo | 2.633,59 € | |
| | **TOTAL CONTRATO** | 149.698,95 € |

**Segundo.-** Minorar en **49.899,65 €** o crédito disposto da parte variable do gasto da anualidade correspondente para o ano 2025, quedando a parte variable da anualidade do 2025 cun crédito de 0,00 €.

**Terceiro.-** Incrementar en **49.899,65 €** o crédito disposto da parte variable do gasto da anualidade correspondente para o ano 2026, quedando a parte variable da anualidade do 2026 cun crédito de 99.799,30 €.

**Cuarto**.- Dar traslado do presente acordo ás entidades adxudicatarias interesadas.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 16(986).- DISPOSICIÓN DE GASTOS DOS PREMIOS DO CIRCUITO DE CARREIRAS RUNRUNVIGO 2025. Expte. 24360/333.

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 16/12/2025 e o informe de fiscalización do 22/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 15/12/2025, asinado polo xefe do Servizo de Deportes, o concelleiro delegado e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

## I.- Antecedentes:

A Concellería de deportes dinamiza e coordina o circuíto de carreiras populares da Cidade de Vigo "RunRunVigo". Este programa, que se impulsa como parte do traballo de fomento e difusión do deporte entre a sociedade viguesa, propón a coordinación, promoción e difusión de diferentes probas pedestres que tradicionalmente teñen lugar na cidade de Vigo, co propósito de estimular e fomentar a práctica do deporte popular.

Este programa ten entre os seus fins fundamentais continuar co apoio ó atletismo popular da cidade de Vigo. Desde a Concellería, co pleno convencemento do beneficio que supón a práctica do deporte para a cidadanía en xeral, continuando co traballo de dinamización do deporte popular, segue a apostar polo xa consolidado circuíto de carreiras populares na súa edición do ano 2025.

No ano 2025, o proxecto cumpre a súa décimo sexta edición, o que o converte nun dos grandes atractivos do ámbito do atletismo popular na cidade de Vigo ó longo do ano.

O programa RunRunVigo, que se desenvolve na cidade de Vigo, está configurado por 12 tradicionais probas que se celebran ó longo do ano 2025 dinamizadas por cada unha das entidades organizadoras.

| PROBA |
|---|
| Subida ao Castro |
| Carreira do Calvario |
| Carreira popular 10K de Teis |
| Medio Maratón Gran Bahía Vig Bay |
| Carreira Praia de Samil |
| Carreira da Cereixa |
| Carreira Nocturna Correndo por Vigo |
| Carreira Nocturna de San Xoán |
| Vigo Contra el Cáncer |
| Media Maratón de Vigo |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

| | |
|---|---|
| Carreira solidaria Érguete e corre | |
| Vigo+11 | |

Entre as actuacións vinculadas co desenvolvemento do circuíto, a Concellería de deportes realiza dúas actuacións básicas. Por unha banda, coordina os resultados de cada unha das probas integradas no mesmo para a definición dunha clasificación xeral de todos os participantes que ven determinada polos resultados obtidos en cada unha das carreiras. Esta clasificación é publicada de maneira regular durante todo o ano, coa finalidade de potenciar a participación nas carreiras ó tempo que a mesma servirá para establecer ó final do circuíto os gañadores e gañadoras e primeiros clasificados/as no “Circuíto RunRunVigo”.

Esta clasificación ten como finalidade tamén que os mellores atletas se sumen á iniciativa e participen no maior número de probas, dando desta forma un impulso á calidade deportiva do “Circuíto”, polo cal dende a Concellería de Deportes se propón o outorgamento duns premios en metálico que fundamentalmente teñen un carácter de recoñecemento testimonial e promocional para o propio circuíto.
Para a clasificación final das carreiras celebradas no ámbito do circuíto 2025, cuxa última proba foi celebrada o pasado 14.12.25, e unha vez certificados os resultados de todas as probas, propóñense os seguintes premios en metálico, por un importe total de 6.000,00€, que se distribuirán nas seguintes categorías cos seguintes importes, xa que non todos/as os/as primeiros/as clasificados/as cumpriron co requisito de participación mínima establecido no regulamento para ter acceso ó premio en metálico:

| Categorías* | 1º Clasificado/a | 2º Clasificado/a | 3º Clasificado/a |
|---|---|---|---|
| M-1 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| M-2 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| M-3 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| M-4 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| M-5 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| F-1 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| F-2 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| F-3 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| F-4 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |
| F-5 | 300,00 € | 200,00 € | 100,00 € |

Tendo en conta que o importe máximo de cada un dos premios non supera en ningún do casos os 300€, e atendendo ó establecido no Real Decreto-Ley 9/2015, de 10 de xullo, e no Art. 75.3.f. do RD 439/2007, de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento do Imposto sobre a Renda das persoas físicas e se modifica o Regulamento de Plans e Fondos de Pensións aprobado polo RD 304/2004 de 20 de febreiro, que determina que “No existirá obligación de practicar retención o ingreso a



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado
Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 67 de 80
2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

cuenta sobre las rentas siguientes: ....f) Los premios.....cuya base de retención no sea superior a 300€", non se practicará ningún tipo de retención sobre os importes dos premios.

Os créditos necesarios para este expediente se aplicarán con cargo á aplicación 3410.489.00.01, o cal non perturba o normal funcionamento da execución orzamentario do servizo.

2.- Proposta:
Dos resultados parciais de cada unha das probas celebradas foi realizada unha clasificación xeral do "Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2025" que se anexa ó presente expediente. Comprobouse que os e as atletas propostos cumpren co establecido no regulamento do circuíto, do que se desprende que os gañadores da proposta de premios en metálico son os seguintes atletas, ós cales lles corresponde os premios que se indican:

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Ret IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F-1 | 1ª | 9 | BREINHOLT MOESKJAER LEA | ***2550** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| F-1 | 2ª | 9 | ALVAREZ RODRIGUEZ NOEMI | ***1594** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| F-1 | 3ª | 10 | PAZOS GARCIA ANTIA | ***6980** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F-2 | 1ª | 12 | ESTÉVEZ CRESPO CRISTINA | ***7389** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| F-2 | 2ª | 10 | RODRIGUEZ OLIVEIRA ROCÍO | ***7383** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| F-2 | 3ª | 12 | MOREU PEREIRA-BORRAJO BEATRIZ | ***6279** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F-3 | 1ª | 10 | ALONSO GARCÍA ANA | ***3745** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| F-3 | 2ª | 10 | VAQUERO SOUSA JULIA | ***6303** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| F-3 | 3ª | 9 | LAMPÓN CARIDE ANA MARÍA | ***9857** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F-4 | 1ª | 12 | RODRÍGUEZ ÁLVAREZ MARTA | ***6905** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| F-4 | 2ª | 12 | ROCHA CRUCES MARÍA CARMEN | ***5454** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| F-4 | 3ª | 5 | GALLERO FERNANDEZ MAR | ***4195** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F-5 | 1ª | 12 | COSTAS RODRÍGUEZ CARMEN | ***8683** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| F-5 | 2ª | 8 | ALVAREZ DOMINGUEZ ROSA M. | ***3552** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| F-5 | 3ª | 7 | FERNANDEZ PAZOS LUZ | ***2585** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Ret IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M-1 | 1º | 11 | OTERO AMOEDO ANXO | ***1183** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| M-1 | 2º | 10 | PEREZ LOVACO PABLO | ***8365** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| M-1 | 3º | 10 | MONTERO BUJÁN AITOR | ***5181** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M-2 | 1er | 12 | BASTOS DASILVA JOSÉ ALBERTO | ***1441** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| M-2 | 2º | 12 | VÁZQUEZ PAVÓN ROBERTO | ***8024** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| M-2 | 3º | 9 | FERNANDEZ SOENGAS JESÚS | ***4848** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M-3 | 1º | 9 | BARGIELA ARAÚJO DANIEL | ***9532** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| M-3 | 2º | 11 | PRIETO DE LA IGLESIA MANUEL | ***6711** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| M-3 | 3º | 9 | BARREIRO PEREIRA XOSÉ ANTÓN | ***9298** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M-4 | 1º | 11 | GRAÑA ALONSO JOSE CARLOS | ***5045** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| M-4 | 2º | 12 | PAZ RODRIGUEZ JUAN | ***5677** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| M-4 | 3º | 12 | GALLIDORO DEL MONTE J. HUMBERTO | ***8694** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M-5 | 1º | 12 | RIVEIRO RODRIGUEZ ARLINDO | ***5508** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| M-5 | 2º | 9 | SUAREZ MARTINEZ MANUEL | ***2183** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| M-5 | 3º | 10 | PEREZ PASCUAL MANUEL | ***2536** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

Tendo en conta os antecedentes descritos, atendendo á importancia que para a cidade de Vigo ten a continuidade de proxectos de promoción do deporte popular, considerando ademais que a Concellería de Deportes ten entre os seus obxectivos potenciar a actividade deportiva en xeral, e atendendo a que o circuíto rematou o pasado día 14.12.25 coa celebración da derradeira proba, formúlase a presente proposta ao obxecto de aprobar os pagos dos importes vinculados ao outorgamento dos premios do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2025”.

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 69 de 80
2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

Por todo o exposto proponse á Xunta de Goberno Local, que adopte o seguinte acordo:

## PROPOSTA

1. Dispoñer e comprometer o gasto polo importe de 6.000,00€ destinados a facer fronte ós premios para os e as gañadoras do “Circuíto de Carreiras RunRunVigo 2025” co desglose detallado na táboa adxunta, a aplicación do crédito realizarase a cargo da aplicación orzamentaria 3410.489.00.01.

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Ret IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F-1 | 1ª | 9 | BREINHOLT MOESKJAER LEA | ***2550** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| F-1 | 2ª | 9 | ALVAREZ RODRIGUEZ NOEMI | ***1594** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| F-1 | 3ª | 10 | PAZOS GARCIA ANTIA | ***6980** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F-2 | 1ª | 12 | ESTÉVEZ CRESPO CRISTINA | ***7389** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| F-2 | 2ª | 10 | RODRIGUEZ OLIVEIRA ROCÍO | ***7383** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| F-2 | 3ª | 12 | MOREU PEREIRA-BORRAJO BEATRIZ | ***6279** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F-3 | 1ª | 10 | ALONSO GARCÍA ANA | ***3745** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| F-3 | 2ª | 10 | VAQUERO SOUSA JULIA | ***6303** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| F-3 | 3ª | 9 | LAMPÓN CARIDE ANA MARÍA | ***9857** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F-4 | 1ª | 12 | RODRÍGUEZ ÁLVAREZ MARTA | ***6905** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| F-4 | 2ª | 12 | ROCHA CRUCES MARÍA CARMEN | ***5454** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| F-4 | 3ª | 5 | GALLERO FERNANDEZ MAR | ***4195** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| F-5 | 1ª | 12 | CARMEN COSTAS RODRÍGUEZ | ***8683** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| F-5 | 2ª | 8 | ALVAREZ DOMINGUEZ ROSA M. | ***3552** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| F-5 | 3ª | 7 | FERNANDEZ PAZOS LUZ | ***2585** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Ret IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M-1 | 1º | 11 | OTERO AMOEDO ANXO | ***1183** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| M-1 | 2º | 10 | PEREZ LOVACO PABLO | ***8365** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| M-1 | 3º | 10 | MONTERO BUJÁN AITOR | ***5181** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M-2 | 1er | 12 | BASTOS DASILVA JOSÉ ALBERTO | ***1441** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| M-2 | 2º | 12 | VÁZQUEZ PAVÓN ROBERTO | ***8024** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| M-2 | 3º | 9 | FERNANDEZ SOENGAS JESÚS | ***4848** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M-3 | 1º | 9 | BARGIELA ARAÚJO DANIEL | ***9532** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| M-3 | 2º | 11 | PRIETO DE LA IGLESIA MANUEL | ***6711** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| M-3 | 3º | 9 | BARREIRO PEREIRA XOSÉ ANTÓN | ***9298** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M-4 | 1º | 11 | GRAÑA ALONSO JOSE CARLOS | ***5045** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| M-4 | 2º | 12 | PAZ RODRIGUEZ JUAN | ***5677** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| M-4 | 3º | 12 | GALLIDORO DEL MONTE J. HUMBERTO | ***8694** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

| Catg. | Clasf | Nº probas | Nome e apelidos | DNI | premio | Retención IRPF (19%) | Importe liquido |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| M-5 | 1º | 12 | RIVEIRO RODRIGUEZ ARLINDO | ***5508** | 300.00 € | 0.00 € | 300.00 € |
| M-5 | 2º | 9 | SUAREZ MARTINEZ MANUEL | ***2183** | 200.00 € | 0.00 € | 200.00 € |
| M-5 | 3º | 10 | PEREZ PASCUAL MANUEL | ***2536** | 100.00 € | 0.00 € | 100.00 € |

O pago dos importes correspondentes a cada deportista serán realizados por transferencia bancaria, para o cal os interesados deberán acreditar a titularidade dunha conta bancaria e aceptar o premio.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

**17(987).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DISCAMINO DE SANTIAGO" PARA PARTICIPACIÓN NA "CABALGATA DE REIS 2026". Expte. 10566/335.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe xurídico do 18/12/2025, informe de fiscalización do 23/12/2025, sométese a aprobación o informe-proposta do 16/12/2025, asinado pola xefa do Servizo de Festas, a concelleira da Área de Goberno e polo concelleiro da Área de Goberno de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRJSP)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 5/1997, do 22 xullo, de administración local de Galicia (LALGA)
- Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (en adiante TRLRFL).
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local.

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** A "ASOCIACIÓN DISCAMINO DE SANTIAGO" presenta escrito, con data de rexistro na sede electrónica municipal 4 de decembro do 2025, de solicitude de convenio para participar na "CABALGATA DE REIS 2026" que terá lugar o día 5 de xaneiro de 2026.

**Segundo.-** O día 15 de decembro do 2025, a concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal resolveu iniciar o expediente para a celebración correspondente, por importe de 4.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis) do exercicio orzamentario 2026 do Concello de Vigo.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

-I-

## DOS CONVENIOS DE COLABORACIÓN

O Concello de Vigo ven mantendo unha política activa de apoio dirixido ás asociacións sen ánimo de lucro do municipio, celebrando convenios e outorgando axudas e subvencións conforme a legalidade vixente, para colaborar na realización dos fins sociais que teñen encomendados. Neste marco a citada asociación solicitou ao Concello de Vigo a colaboración económica para poder participar de forma activa na Cabalgata de Reis 2026 atendendo aos obxectivos e fins da mesma.

Os convenios son acordos con efectos xurídicos adoptados polas administracións públicas, organismos públicos e entidades de dereito público vinculadas ou dependentes ou universidades públicas entre elas ou con suxeitos de dereito privado para un fin común (artigo 47.1 LRJAP). Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos.

O convenio enmarcase en materias de competencia propias do Concello, a promoción da cultura e equipamentos culturais, recollidas nos artigos 25.2. m da LBRL, e o 80.2. n) (actividades culturais) da LALGA.

A Asociación Discamino de Santiago (G27852375) ten como obxectivo xeral a integración das persoas con discapacidade no conxunto da sociedade sendo esencial a mellora da calidade de vida das persoas pertencentes a este colectivo, sen olvidar que a súa realidade social vese prexudicada por problemas asociados á súa discapacidade, tanto de tipo social como persoal.

A exclusividade do programa considérase acreditada no proxecto presentado pola antedita asociación, así como o seu interese público e social.

-II-

## DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE EFICACIA DOS CONVENIOS

A LJSP establece os seguintes requisitos para os convenios:

a) Non poderán implicar a transferencia da titularidade da competencia.

b) A sinatura dos convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta dos medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

c) A xestión, xustificación e demais actuacións relacionadas cos gastos derivados dos convenios que inclúan compromisos económicos, axustaranse ao disposto na lexislación orzamentaria.

d) Os convenios que inclúan compromisos económicos deberán ser financeiramente sustentables, e os que os asinen deberán ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio.

e) As achegas económicas que os asinantes se comprometan a realizar non poderán superar os gastos derivados da execución do convenio.

A Asociación Discamino presentou a documentación necesaria para a tramitación do presente convenio, segundo consta na Dilixencia de verificación administrativa de data 15/12/2025.

Revisada a documentación presentada, procede analizar se o convenio previsto cumpre cos requisitos esixidos no artigo 48 da LRJAP:

- Non implica transferencia da titularidade da competencia, que segue correspondendo ao concello.
- A sinatura deste convenio mellora a eficiencia da xestión pública, contribúe á realización de actividades de utilidade pública, neste caso a cabalgata de reis, e cumpre coa lexislación en materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, non afectando a estabilidade e sustentabilidade financeira do Concello.
- A memoria económica que se achega, incorpora o presuposto xeral de gastos por un importe total de 4.000 € (catro mil euros) e inclúe todos os gastos que se xerarán como consecuencia da animación coa que participarán na Cabalgata de Reis. O gasto axustase ao disposto na lexislación orzamentaria.
- O aboamento deste importe é financeiramente sustentable. Aboarase con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis) do exercicio orzamentario do 2026.
- Este gasto non supera os gastos derivados da execución do convenio.

Será responsabilidade da entidade a correspondente xestión e autorización dos dereitos de autor, ou de calquera outra obriga derivada do Real Decreto-lexislativo 1/1996 do 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual.

**-III-**

**DO CONTIDO DOS CONVENIOS**

O contido obrigatorio dos convenios está regulado no artigo 49 da LRJAP:

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

a) Os suxeitos que asinen o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

b) A competencia na que se fundamentan as actuacións da Administración.

c) Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, se é o caso, a titularidade dos resultados obtidos.

d) Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes, se é o caso, con indicación da súa distribución temporal por anualidades e a súa consignación específica ao orzamento correspondente segundo o disposto na lexislación orzamentaria.

e) Consecuencias aplicables no caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes e, se é o caso, dos criterios para determinar a posible indemnización polo incumprimento.

f) Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes. Este mecanismo resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto dos convenios.

g) O réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa, a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes.

h) Prazo de vixencia do convenio tendo en conta as seguintes normas:

   1. Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá exceder de catro anos, salvo que legalmente se prevexa un prazo superior.

   2. En calquera momento antes do remate do prazo previsto no apartado anterior, os asinantes do convenio poderán acordar por unanimidade a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

**-IV-**

**FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

Este convenio prevé un gasto de 4.000,00 euros, que se imputarán á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis) do exercicio orzamentario do 2026, a favor da "Asociación Discamino Santiago", suxeito ao cumprimento pola mesma das obrigas previstas no mesmo.

**-V-**

**COMPETENCIAS**

O órgano competente para a aprobación deste convenio é a Xunta de Goberno Local, previo informe Xurídico e informe de Fiscalización da Intervención Xeral do Concello de Vigo.

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

**PROPOSTA DE ACORDO**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno local, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

> *"PRIMEIRO: Aprobar o convenio coa "Asociación Discamino de Santiago" (CIF G-27852375), para colaborar cos gastos derivados da súa participación na "Cabalgata de Reis 2026" por importe de 4.000 € (catro mil euros).*
>
> *SEGUNDO: Autorizar e dispoñer o devandito gasto total de 4.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis) do exercicio orzamentario 2026 do Concello de Vigo*
>
> *TERCEIRO: Notificar o presente acordo ao interesado, indicando que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra a mesma cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, ante o órgano competente da Xurisdición Contencioso administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de Xurisdición Contencioso-administrativa.*
> *Así mesmo, a resolución poderá ser recorrida potestativamente en reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo Común das Administracións Publicas".*

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA "ASOCIACIÓN DISCAMINO DE SANTIAGO" PARA A PARTICIPACIÓN NA "CABALGATA DE REIS 2026"

En Vigo, na data da sinatura dixital

**REUNIDOS**

Dunha parte, dona Patricia Rodríguez Calviño, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal do CONCELLO DE VIGO, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de data 20 e 28 de xuño de 2023 e modificación de data 28/6/2024.

Doutra parte, D. Javier Pitillas Torra con DNI **643*** K en representación da ASOCIACION DISCAMINO DE SANTIAGO, con NIF G27852375, Asociación cultural deportiva sin ánimo de lucro con personalidade xurídica, con número de rexistro no Concello de Vigo 01442-24.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria do Goberno Local do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Recoñecéndose mutuamente os comparecentes a plena capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

**MANIFESTAN**

I. Os municipios, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poden promover actividades e prestar servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, segundo o previsto no artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL). Entre estas competencias atópase a promoción da cultura (artigo 25.2.m da LBRL e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia).

II. A Asociación Discamino de Santiago (G27852375) ten como obxectivo xeral a integración das persoas con discapacidade no conxunto da sociedade sendo esencial a mellora da calidade de vida das persoas pertencentes a este colectivo, sen olvidar que a súa realidade social vese prexudicada por problemas asociados á súa discapacidade, tanto de tipo social como persoal.

**PACTOS**

**Primeiro.- NORMATIVA APLICABLE E OBXECTO**

O presente convenio é de natureza administrativa, resultándolle de aplicación o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
O presente Convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración no evento CABALGATA DE REIS 2026 entre o Concello e a Asociación Discamino de Santiago coa finalidade de colaborar coa inclusión das persoas con discapacidade na participación activa nos eventos socioculturais organizados polo Concello de Vigo.

**Segundo.- OBXECTIVOS E ACTIVIDADES**

Os obxectivos deste convenio están centrados no apoio dirixido ás asociacións sen ánimo de lucro do municipio para colaborar na realización dos fins sociais que teñen encomendados e no fomento da participación na vida cultural da cidade das persoas con discapacidade.

**Terceiro.- FINANCIAMENTO DO CONVENIO**

O Concello de Vigo contribuirá ao financiamento do proxecto cunha achega de 4.000,00 € (catro mil euros). O importe comprometido por parte do Concello de Vigo realizarase con



ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

| | | |
|---|---|---|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 13/01/2026 08:56 | Páxina 77 de 80 |
| 2002-1102 Aprobado por XGL 02/01/2026 | CSV: ACAFD6-8A8643-81D1C5-VRXBJJ-GZ3Q3P-FD | |

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv

cargo á aplicación orzamentaria 3380.2260901 (Cabalgata de Reis) do exercicio orzamentario 2026 do Concello de Vigo.

**Cuarto.- COMPROMISOS DAS PARTES**

a) A Asociación Discamino de Santiago comprométese a:

1) A colaborar no desenvolvemento do evento "Cabalgata de Reis "2026" que terá lugar o día 5 de xaneiro, participando con carrozas e disfraces elaborados por voluntarios e usuarios da asociación. Participará con 17 Triciclos tándem, 4 Joelettes, 2 Bici cadeiras e 18 voluntarios a pe disfrazados de diferentes personaxes baixo o lema "Animais Fantásticos".
2) Subscribir unha póliza de seguro de responsabilidade civil que cubra os riscos derivados da participación na Cabalgata de Reis.

b) O Concello de Vigo comprométese a

1) Facilitar a participación da asociación nos actos da cabalgata de Reis 2026.
2) Efectuar unha achega económica por importe de 4.000 euros para afrontar os gastos derivados da participación da asociación na Cabalgata de Reis.

**Quinto.- XUSTIFICACIÓN**

A beneficiaria, unha vez rematada a actividade, deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución do obxecto deste convenio e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

**Sexto.- PAGAMENTO DA TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO**

O pagamento da cantidade recollida neste convenio efectuarase tras a celebración do desfile da Cabalgata de Reis 2026.

O pagamento efectuarase por transferencia bancaria á conta corrente número ES25 2100 1773 8602 0027 0463 da entidade CAIXABANK, e da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas segundo o estabelecido no pacto quinto.

**Sétimo.- SEGUIMENTO, VIXILANCIA E CONTROL DE EXECUCIÓN DO CONVENIO**

Para o seguimento e coordinación da execución deste convenio e resolución das dúbidas que poidan producirse na súa interpretación crearase unha comisión paritaria integrada por un dous representantes de cada unha das partes asinantes, e o coordinador do Plan de Autoprotección.

A Comisión Mixta terá como funcións o seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos asumidos polas partes. Tamén resolverá os problemas que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo.

A Comisión será presidida pola Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal, e formarán parte da mesma, o presidente da asociación e outro vogal designado por este e a xefa do servizo de Festas, que exercerá as funcións de secretaria.

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado

A Comisión de Seguimento reunirase cando o estime conveniente a súa presidenta, por decisión propia ou a petición de calquera dos seus membros. As súas reunións terán lugar na Casa do Concello de Vigo.

**Oitavo.- CUMPRIMENTO DA FINALIDADE**

O cumprimento da finalidade que determinou o presente convenio deberá ser a axeitada á xustificación da mesma, que será comprobados polo servizo de Festas.

O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por cada unha das entidades asinantes do presente convenio, determinará a resolución do mesmo e a entidade incumpridora asumirá os danos acreditados que se deriven daquel. De non alcanzarse acordo expreso entre as partes, para o seu cálculo e abono estarase aos criterios establecidos polo artigo 34 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

**Noveno.- VIXENCIA DO CONVENIO**

O presente convenio de colaboración terá un prazo de vixencia dende a súa sinatura ata o día 8 de xaneiro do ano 2026.

**Décimo.- MODIFICACIÓN**

O presente convenio poderá ser modificado mediante acordo expreso das entidades asinantes.

**Undécimo.- CONTROVERSIAS**

A Concelleira da Área de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento, así como para propoñer ou autorizar modificacións, sempre e cando ditas modificación non supoñan un incremento sobre o importe da transferencia prevista neste convenio.

En caso de controversias, as entidades asinantes se comprometen a colaborar en todo momento de acordo cos principios de boa fe e eficacia para asegurar a correcta execución do previsto neste convenio; conforme a elo, faranse os máximos esforzos para resolver de forma amistosa calquera controversia que puidese xurdir na interpretación e cumprimento deste.

**Duodécimo.- RESOLUCIÓN**

O Convenio poderá resolverse en virtude das seguintes causas:

1. Pola finalización do período estipulado para a súa vixencia.
2. Por mutuo acordo das partes.

S.ord. 26/12/2025

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45
Documento asinado

3. Polo incumprimento por algunha das partes de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
4. Por denuncia dalgunha delas, que deberá ser comunicada cun preaviso de tres meses.

No suposto de extinción do Convenio, as accións específicas concertadas ao abeiro da mesma seguiranse desenvolvendo na forma, condicións e prazos previstos ata o seu total cumprimento.

**Décimo terceiro.- CONFIDENCIALIDADE**

Ambas as partes comprométense a cumprir e facer cumprir o deber de segredo profesional e de confidencialidade, que abranguerá calquera información ou dato que se puidese coñecer con ocasión desta colaboración.

**Décimo carto.- XURISDICIÓN COMPETENTE**

O presente convenio queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, rexerase polas súas propias cláusulas, aínda que resultará de aplicación supletoria a fin de cubrir as lagoas de interpretación que puidesen xurdir, conxuntamente coas normas xerais do dereito administrativo.

As cuestións litixiosas ás que poida dar lugar a interpretación, modificación, efectos ou resolución do contido do presente convenio específico de colaboración que non foran resoltas pola comisión de seguimento prevista no pacto sétimo do convenio, someteranse á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da citada xurisdición.

## 18(988).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo intervencións neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e vinte minutos. Como secretaria dou fe.

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Patricia Rodríguez Calviño.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez

ASINADO POR: APROBADO POR XUNTA DE GOBERNO LOCAL CONCELLO DE VIGO 12/01/2026 14:54:45

Documento asinado